

# Luns ou martes

Virginia Woolf

Tradución de Jorge Rodríguez Durán



**ATG**  
asociación de  
tradutores  
galegos

# Luns ou martes

Virginia Woolf

Inspecciona por un intre a mente ordinaria nun día ordinario. A mente recibe unha miríade de impresións: triviais, fantásticas, transitorio, ou gravadas co coitelo máis aguzado. Chegan desde todas as direccións unha incesante chuvia de incontables átomos, e mentres caen, vanse tornando na vida dun luns ou un martes...”

Virginia Woolf, *Modern Fiction*

## 1. Unha casa encantada

A calquera hora que fose na que espertase, había algunha porta abaneando. Pois ían de cuarto en cuarto, da man, levantando isto, abrindo aquilo, observando todo. Eran unha parella espectral.

“Deixámolo aquí” dixo ela. E el engadiu “Si, mais tamén aquí, non?”. “Igualestá no piso de arriba” murmurou ela. “Ou no xardín,” rumoreou el. “Hai que falar baixiño,” dixeron os dous, “ou imos espertalos.

Mais non fostes vós quen nos espertou. Non. “Estano buscando, están abrindo as cortinas” unha podería dicir, para poder seguir lendo unha ou dúas páxinas máis. “Atopárono!” seguro, parando o lapis na marxe. E entón, cansada de ler, unha podería levantarse e ir ver por si mesma, a casa baleira, todas as portas abertas, só as pombas chiando nun ton contento e o zoar dunha segadora desde a granxa. “A que entrei aquí? Que quería coller?” As miñas mans estaban baleiras. “Quizais algo no piso de arriba?” As mazás estaban no faiado. E de volta para abaixo de novo, o xardín tan calmo coma sempre, un libro na herba.

Atopárono na sala. Aínda non fun capaz de velos nunca. Os vidros da xanela reflectían as mazás, reflectían as rosas. Todas as follas eran verdes no cristal. Se se movían pola sala, a mazá só mostraba o seu lado amarelo. Un segundo despois, se se abrise a porta, estaría espallada polo chan, escorregando polas paredes, colgada do teito... o que? As miñas mans baleiras. A sombra dun merlo atravesou a alfombra e desde o máis profundo pozo de silencio as pombas entoar de novo o seu son. “A salvo, a salvo, a salvo,” o pulso da casa bateu suavemente. “O tesouro enterrado, o cuarto...” O pulso parou de súpeto. Sería ese o tesouro enterrado?

Un momento máis tarde a luz esvaecía. Estará fóra, no xardín, entón? Mais as árbores tecían a escuridade de xeito que un só raio de luz puidese atravesala. Tan fermoso, tan raro, tan sereno e disposto na superficie, este raio que eu buscaba coa vista sempre ardía por detrás do cristal. A súa morte *era* o cristal. A morte entre nós, achegándose primeiro á muller hai centos de anos, deixando a casa, selando todas as xanelas. Os cuartos escureceron. El deixou a casa, deixouna a ela, marchou cara o norte, marchou cara o leste, ollou como xiraban as estrelas desde os ceos do sur, procurou a casa e atopouna baixo o ceo dos Downs. “A salvo, a salvo, a salvo,” o pulso da casa bateu con forza. “O tesouro é teu.”

O vento ruxe rúa arriba. As árbores inclínanse e curvan cara un lado e o outro. Os raios de lúa salpican e espállanse indómitos entre a chuvia. So interrompida pola luz da lámpada, caendo firme desde a fiestra. A candeia arde ríxida, inmóbil. Vagando pola casa, abrindo as xanelas, rumoreando non para espertarnos, a parella espectral vai na procura da súa alegría.

“Aquí durmiamos,” di ela. El engade, “entre bicos infinitos.” “Espertando pola mañá...” “Prata entre as árbores...” “No piso de arriba...” “No xardín...” “Cando chegou o verán...” “Nos nevados inverno...” As portas péchanse na distancia, golpeando suavemente como o pulso dun corazón.

Achéganse máis a nós. Paran no arco da porta. O vento cesa, a choiva escorrega como prata polos cristais. Os nosos ollos escurecen, non ouvimos ningún paso ao noso lado, non vemos a ningunha señora coa súa espectral capa. As mans del protexen a lámpada, “Olla,” e cun respiro di “están profundamente durmidos. Hai amor aos seus beizos.”

Inclinados sobre os nosos corpos, apuntándonos coa súa luz de prata, óllannos longa e profundamente. Igual de longa é a súa espera. Un golpe de

vento e a chama torce lixeiramente. Resplandores salvaxes de luz de lúa cruzan o chan e as paredes, e ao atoparse con eles, márchalles as faces. As faces pensativas. As faces que inspecciona as dos seres durmintes para intentar atopar nelas a alegría escondida.

“A salvo, a salvo, a salvo,” o corazón da casa latexa con orgullo. “Pasaron moitos anos” suspira el, “e atopáchesme de novo.” “Aquí,” murmura ela, “durmindoo; lendo no xardín; rindo, xogando coas mazás no faiado. Aquí deixamos o noso tesouro.” Inclínados sobre nós, a súa luz fai que se levanten as pálpebras dos meus ollos. “A salvo! A salvo! A salvo!” O pulso da casa latexa feroz. Esperto, berro “Oh, é este o voso tesouro perdido? A luz no corazón.”

## 2. A sociedade

Así pasou todo. Estabamos seis ou sete de nós reunidas un día despois da cea. Algunhas estaban mirando pola fiestra ao escaparate da sombreirería do outro lado da rúa, coa luz aínda acesa, iluminando as plumas escarlatas e os adornos dourados que nel había. Outras estaban distraídas construindo pequenas torres de azucre aos bordos das súas bandexas para o té. Despois dun chisco, como de costume, xuntámonos ao redor do lume que brotaba da cheminea e comezamos a loar aos homes: que fortes, que educados, que intelixentes, que valentes, que guapos son... E a falar sobre como envexabamos a aquelas que, de dunha maneira ou doutra, foran capaces de enganchar a algún para toda a vida. Entón de súpeto, Poll, que levaba todo o tempo calada, comezou a chorar.

Debo dicir que Poll sempre fora algo rariña. Pero non era culpa súa, pois o seu pai tamén fora sempre un home estraño. Cando morreu, deixoulle unha fortuna como herdanza coa condición de que tiña que ler, antes de poder recibila, todos os libros da London Library. Entre todas intentamos consolala o mellor que podíamos, aínda que soubésemos que non era de moita axuda xa que por moito que nos caese ben, Poll non era ningunha beleza, e sempre levaba os cordóns dos zapatos desatados. Seguramente mentres nós enxalzabamos aos homes, ela pensou en que ningún quería casar con ela nunca. Por fin secou as bágoas. Durante algún tempo non puidemos entender o que dicía. E aínda que parecese o contrario, estaba nun estado de total consciencia. Explicounos, como xa sabiamos, que pasaba a maioría do seu tempo en na London Library lendo. Contounos que decidira comezar pola literatura inglesa, no último piso, para seguir o seu camiño cara abaixo de todo, onde estaba o *Times* diario.

E agora, tendo xa lido a metade (ou igual un cuarto) algo terrible lle pasara: Non era capaz de seguir lendo. Os libros non era o que nós pensabamos. “A maioría dos libros” dixo case chorando e con un ton de desolación que nunca esquecerei, “son inconcibiblemente malos!”

Contestámoslle que Shakespeare escribira libros, e Milton, e Shelley.

“Si, si,” interrompeunos. “Xa vexo que vos ensinaron ben. Así e todo, non sodes membros da London Library.” E comezaron novamente os seus saloucos. Cando se recuperou un pouco colleu un dos libros que sempre traía con ela como ‘Desde a xanela’, ‘No xardín’ ou algún título do estilo, escrito sempre por Señor Benson, Señor Henson ou señores doutro nome similar. Entón comezou a ler as primeiras páxinas. escoitámola en silencio. “Mais isto non é un libro”, dixo algunha ao fondo. Así que Poll escolleu outro. Desta volta era un libro de historia, non lembro o autor. O noso desconcerto aumentaba con cada palabra que lía. Nada do que se contaba parecía real, e o estilo era atroz.

“Poesía! Poesía!” pedímoslle desesperadas. “Lenos algo de poesía”.

E non podo describir a aflición que sentimos cando abriu o pequeno libro de poesía e comezou a recitar versos soltos cargados de sentimentalismo e boubaría.

“Seguro que isto escribiuno unha muller”, adiantouse a dicir unha. Pero non. Explicounos que era un libro escrito por un home novo, un dos poetas máis famosos do seu momento. Xa imaxinarás a nosa sorpresa con este descubrimento. E aínda que lle rogamos que non nos lese nada máis, insistiu e quixo ler para nos un extracto de ‘As vidas dos grandes Lords



Chanceleres'. Cando rematou, Jane, a máis vella e a máis culta de nós, ergueuse e dixo que non lle gustara en absoluto.

“Por que,” expuxo Jane, “se os homes escriben tan mal, as nosas nais perderon a súa xuventude traéndoo ao mundo e coidándoos?”

Quedamos todas caladas. E no silencio podíase escoitar a Poll laiándose en voz baixa “por que tería meu pai a teima de ensinarme a ler...”

Clorinda foi a primeira que volveu en si e dixo “É todo culpa nosa. Todas sabemos ler pero só Poll foi quen de facelo por si mesma. Eu, por exemplo, din por sentado que o traballo dunha muller era pasar a súa xuventude tendo fillos. Adorando á miña nai por ter dez, e á miña avoa por ter quince. Era a miña ilusión, debo confesar, intentar ter vinte. Levamos tanto tempo supoñendo que homes e mulleres traballaban na súa labor con igual intensidade e que os traballos que facían tiñan o mesmo mérito. Que mentres nós concibiamos crianzas, eles estaban concibindo a literatura e as artes visuais. Nós poboamos o mundo. Eles civilizano. Mais agora que sabemos ler, que nos impide xulgar os resultados do seu traballo? Antes de traer máis crianzas a este mundo debemos saber o estado no que se atopa.”

Así pois, fundamos unha sociedade a través da que resolver as nosas dúbidas. Unha tiña a labor de falar cun militar, outra tiña que esconderse na oficina dun académico, outra debía infiltrarse nunha reunión de homes de negocios, e todas tiñamos que ler, ver cadros e fotografías, asistir a concertos, manter os nosos ollos abertos cando fósemos pola rúa e preguntar todo aquilo que non entendésemos. Eramos moi novas e inocentes. Algo que se pode deducir porque antes de marchar para as nosas casas aquela noite convimos que o noso obxectivo na vida sería producir boas persoas e bos libros. As cuestións que expoñíamos ían dirixidas a

determinar cantos dos segundos conseguiran crear os homes ata agora, e fixemos un pacto de non traer ao mundo ningunha crianza ata que estivésemos satisfeitas coas respostas.

E así partimos, algunhas cara o Museo Británico, outras cada a Mariña Real, outras a Oxford, outras a Cambridge, visitamos a Royal Academy e tamén o Tate. escoitamos música moderna en salóns de concerto, asistimos a tribunais de xustiza e ao teatro a ver novas pezas. Ningunha de nós saía cear fóra sen preguntarlle todo tipo de cousas ao seu acompañante e anotando todas as respostas que recibiamos. De cando en vez reuniámonos para comparar as nosas observacións. Eran unhas reunións moi divertidas. Nunca antes rira tanto como cando Rose leu as súas notas sobre a obra de teatro 'A honra' ou a historia de cando se disfrazou de príncipe etíope para colarse nun barco da armada real. Cando se descubriu a farsa, o capitán do barco foina buscar (ela aínda estaba vestida de cabaleiro) e reclamou a súa honra. "Pero como?" preguntoulle ela. "Como?" repetiu el, "pois coa vara, naturalmente!". Vendo a furia coa que falaba o capitán preparouse a si mesma para o peor, inclinouse e, para a súa sorpresa, recibiu seis leves sacudidas no cu. "A honra da Mariña Real queda vingada." E erguéndose, puido ver a suor corréndolle ao home pola cara e a súa man dereita tremendo no aire. "Déixeme!", berrou ela adoptando a propia pose de furia que tiña antes o capitán, "A miña honra está aínda por salvarse!". "Falado como un verdadeiro cabaleiro", respondeu el, e detívose a pensar, "Se seis golpes vingan a honra da Mariña Real", murmurou, "Cantos vingarían a honra dun cabaleiro?". E dixo que prefería deixarlle o asunto a outros oficiais. Ela respondeulle con arrogancia que o asunto non podía esperar. El loou o seu orgullo. "A ver," dixo, "O seu pai tiña carruaxe propio?". "Non," respondeu ela. "E cabalo?". "Tiñamos unha burra que arrastraba a

segadora”. Cando contou isto a cara do home iluminouse. “A miña nai chamábase...” engadiu ela. “Por Deus, señor meu, non mencione o nome da súa nai nestas circunstancias!,” díxolle o capitán tremendo como un álamo en inverno e ruborizándose por completo. Pasaron polo menos dez minutos ata que puideron continuar a conversa. Ao final, o capitán decidiu que se ela lle daba catro golpes e medio no punto que el lle indicaba (o centro exacto, dixo el, en recoñecemento ao esforzo da tía da súa bisavoa, que morrera durante a batalla de Trafalgar), a súa honra quedaría reinstaurada. Unha vez pasado este trámite decidiron ir xuntos a un cear, tomaron un par de botellas de viño (que el insistiu en pagar) e partiron declarándose amizade eterna.

Despois foi a quenda de Fanny, que contou a súas peripecias nos tribunais de xustiza. Despois da súa primeira visita concluíu que os maxistrados estaba feitos de madeira, iso ou que eran grandes paquidermos disfrazados de persoa, adestrados para moverse, murmurar e asentir coa cabeza cando tocase. Para probar a súa teoría deixou caer un pano cheo de moscardas no momento crítico do xuízo, mais foille imposible determinar se as criaturas eran sinais de humanidade, pois o zunido das moscas fixo que caese nun sono tan profundo que para cando espertou só puido ver como levaban aos reos ás súas celas. De acordo ás probas recollidas decidimos, por votación, que non existía razón algunha para supoñer que os maxistrados eran homes.

Helen foi a encargada de ir á Royal Academy, mais cando lle chegou a quenda de presentar o seu informe sobre os cadros que había alí comezou a recitar dun volume azul celeste “Oh! polo roce dunha man invisible e o son dunha voz xa muda. O fogar é a caza, o fogar é ese outeiro. Sacudiu as

rendas con brío. O amor é doce, o amor é breve. A primavera, a boa primavera, é a agradable raíña do ano! Oh, estar en Inglaterra agora que é abril! Os homes deben traballar e as mulleres laiarse. O camiño do deber é o camiño da Gloria”. Non puidemos seguir escoitando tal cousa.

“Basta de poesía!” dixemos.

“Fillas de Inglaterra,” seguiu ela, e nese momento precipitámonos todas sobre ela e na rifa acabamos tirándolle a auga dun floreiro por riba. “Menos mal!”, exclamou ao tempo que se sacudía coma un can, “Agora arrollarei polo chan a ver se podo quitar o que queda da bandeira do Reino Unido. E despois...” E así tirouse a rodar con enerxía. Cando por fin se volveu erguer comezou a explicarnos todo o que sabía sobre os cadros modernos ata que a interrompeu Castalia.

“Cal é o tamaño medio dun cadro?”, preguntou. “Sobre sesenta centímetros por un metro, ou así.”, respondeulle. Castalia tomou apuntamentos durante toda a intervención de Helen, e cando rematou de escribir, ergueuse e dixo “Tal como me pedichedes, pasei a semana en Oxbridge, finxindo ser a señora da limpeza. Desta maneira puiden acceder ás habitacións de varios profesores eruditos e agora intentarei contarvos como eran. O problema é que non se me ocorre de que maneira. Todo era tan estraño... Estes profesores viven en casas inmensas rodeadas de extensos xardíns, cada un nunha especie de cela ou parcela privada. Contan con todas as comodidades que poidades imaxinar e o seu único traballo na casa consisten en pulsar un botón ou prender una lámpada. Todos os seus papeis están arquivados coa maior elegancia e abundan os libros alí onde dirixas a mirada. Non hai nenos nin animais preto, só seis gatos rueiros e un vello paporroibo que fai ás veces de galo. Isto lémbreme,” e comezou a

divagar, “a unha tía miña que vivía en Dulwich e cultivaba cactus. Cando entrabas no seu invernadoiro, a través das sala, podías atopar centos deles sobre tubos quentes. Feiños, arrexuntados, cheos de espiñas, cada un na súa maceta. A miña tía dicía que os árbores florecían unha vez cada cen anos, mais ela morreu antes de puiden comprobalo...”

Dixémoslle que fose ao celme do asunto. “Ben,” continuou, “cando o profesor Hobkin non estaba na casa, examinei o traballo de toda a súa vida, unha edición anotada da obra Safo. Era un libro rarísimo, de case vinte centímetros de groso. A maior parte non eran textos de Safo senón unha defensa da castidade da poeta, o cal algún alemán negaba, e podo asegurarvos a gran paixón coa que este dous cabaleiros argumentaban, denotando a súa sapiencia e sorprendéndome coa prodixiosa capacidade coa que se disputaban a descrición do uso dalgún instrumento tan insignificante para min como podía ser un alfinete do cabelo. Sobre todo sorprendeume cando a porta se abriu e apareceu o Profesor Hebkin. Un ancián afable, de cara simpática. E que podería saber este home sobre a castidade?”. Non entendemos o que nos quería dicir con isto último.

“Non me malinterpretedes,” dixo rapidamente, “estou segura de que este home é a personificación da honra, aínda que non da mesma maneira que o capitán da historia de Rose. Dicíao máis ben en relación aos cactus da miña tía, que poderían saber eles sobre a castidade?”

Volvemos a pedirlle que non se disipase. “A ver, o profesor este de Oxbridge axuda a producir boas persoas e bos libros? os obxectivos da vida que nos interesan?”

“Pois veredes,” respondeu ela, “non se me ocorreu preguntarlle porque tampouco se me ocorrería que tal home puidese producir nada...”

“Penso,” interrompeuna Sue, “que fixeches algo mal. Seguramente o profesor Hobkin era xinecólogo. Un académico e un xinecólogo son cousas distintas. Un académico está cheo de humor e invencións, pode ter certa predilección polo viño tamén, pero nada grave. Ademais son compañeiros maravillosos, xenerosos, sutís, imaxinativos ata os límites que lles deixa a razón. Todo porque pasa a súa vida rodeado os máis portentosos humanos que existen.”

“Vaia...”, dixo Castalia, “igual é mellor que o volva a intentar entón”.

E tres meses máis tarde, estando eu sentada soa no salón chegou Castalia. Non sei que tiña na súa ollada que fixo que me conmovese de tal maneira que non me puider conter e corrín cara ela desde a outra punta do cuarto para recibila entre os meus brazos. Estaba resplandecente e tiña un aire de felicidade absoluta. “Pareces estar moi feliz!”, exclamei mentres sentabamos xuntas.

“É que estiven en Oxbridge todo este tempo”, dixo.

“Facendo preguntas?”.

“Non, respondéndoas!”, dixo de volta.

“Non rompería o noso pacto, verdade?” dixen con ansia, intentando recoñecer algún signo raro na súa figura.

“Ah, o noso pacto”, dixo de maneira casual, “vou ter un bebé, se é iso ao que te refires. Non podes imaxinar que emocionante, que bonito, que satisfactorio...”

“O que?”, pregunteille.

“Pois... pois... responder preguntas,” respondeu algo confusa. Así que comezou a contarme toda a historia. Mais chegando á parte máis interesante comezou a berrar cunha voz a medio camiño entre o grito e o clamor, “A castidade! A castidade! Onde está a miña castidade? Axúdame! Pásame o perfume!”. Non había nada no cuarto máis ca un bote de mostaza que estiven a piques de pasarlle cando recuperou de súpeto a compostura.

“Debiches pensar niso fai tres meses”, dixeran seriamente.

“É certo, non ten sentido darlle voltas a iso agora. Foi bastante desafortunado, por certo, que a miña nai me chamase Castalia”.

“Ai, Castalia, a túa nai...” estaba dicindo eu cando se tirou cara o bote de mostaza.

“Non, non, non,” dixo meneando a cabeza, “se ti foses unha muller casta de verdade terías berrado cando me viches antes, e con todo, botácheste a min para dar-me unha aperta. Non, Cassandra, ningunha de nós é casta”.

Continuamos falando mentres se enchía de mulleres a sala, posto que era o día que asignamos para falar sobre os resultados das nosas investigacións. Todas, ou así o sentín eu, trataron a Castalia igual que o fixera eu antes. Bicárona e dixéronlle o felices que estaban de volver a vela. Un pouco despois cando xa chegamos todas, Jane ergueuse e dixo que era o momento de comezar. Dixo que levábamos máis de cinco anos respondendo preguntas e que os resultados polo de agora eran inconcluíntes. Neste momento Castalia xirouse cara min e murmurou que ela non estaba tan segura sobre iso. Despois ergueuse e interrompendo a Jane a metade de frase dixo:

“Antes de que continúes, quero saber se debo estar nesta sala. Teño que confesarvos que son unha muller impura”.

Todas ollaron a Castalia estupefactas.

“Vas ter un bebé?” preguntou Jane.

Castalia asentiu.

Foi extraordinario poder ver as diferentes expresións en cada unha das súas caras. Un murmuro propagouse por toda a sala. Eu puiden entender palabras como “impura”, “bebé”, “Castalia” e outras reverberando. E Jane, algo emocionada, dixo para todas:

“Entón, debería marchar? É impura?”

E todas ruxiron con tal forza que se podía escoitar a resposta desde a rúa:

“Non! Non! Deixa que quede! Impura? Quita de aí!” Aínda que no meu ver algunhas das máis novas, as de dezanove ou vinte anos, contivéronse por timidez. Así que comezamos todas a facerlle preguntas e por fin vin a unha das novas, que se mantivera ata entón en silencio, achegándose timidamente a Castalia e preguntándolle:

“Entón, que é exactamente a castidade? Quero dicir, é algo bo? algo malo? ou nada en absoluto?” E Castalia respondeulle tan baixiño que non cheguei a escoitar a solución do enigma.

“Deixáchesme coa boca aberta por uns bos dez minutos”, dixo outra.

“Eu penso,” dixo Poll, que se estaba volvendo algo rosmona por pasar tanto tempo na biblioteca, “que a castidade é só ignorancia. Un estado



mental de deshonra. E só deberíamos admitir como parte da sociedade o impuro. Eu voto para que Castalia sexa a nosa presidenta.”

Foi un enfrontamento duro.

“É inxusto marcar ás mulleres como castas ou impuras”, expuxo Poll, “Algunhas de nós nin sequera tivemos oportunidade de unha cousa nin de outra. Ademais, dubido de que a propia Castalia pense que actuou da maneira na que o fixo debido só ao seu amor polo coñecemento”.

“El ten só vinte e un anos e é tan tan guapo” dixo Castalia cun xesto de éxtase.

“Eu propoño,” dixo Helen, “que ningunha poida falar sobre castidade ou impureza, exceptuando aquelas que estean namoradas.”

“E iso para que?”, dixo Judith, que estivera investigación asuntos científicos, “Eu non estou namorada e teño moitas ganas de expoñer as miñas medidas para administrar prostitutas e inseminar vírxenes por lei.” E continuou contándonos sobre un dos seus inventos para colocar nas estacións de metro e outros lugares públicos onde, tras a paga dunha pequena suma de cartos, salvaría a saúde da nación, compracería aos seus fillos e satisfacería ás súas fillas. Tamén se lle ocorrera un método para conservar en tubos os xermes de futuros Altos Chanceleres “ou poetas, ou músicos, supoñendo, claro, que estas especies aínda non se extinguiran e que as mulleres aínda desexen ter fillos” .

“Por suposto que quereremos ter fillos!” berrou Castalia.

Jane golpeou a mesa e sentenciou “Este é un asunto moi importante sobre o que decidir. Levamos cinco anos intentando atopar unha resposta

sobre se deberiamos darlle continuidade á humanidade ou non. Castalia xa decidiu, mais depende de cada unha de nós escoller o noso camiño”.

Unha por unha foron erguéndose todas as mensaxeiras para contar os seus descubrimentos. As marabillas da civilización humana excedía as nosas expectativas e aprendemos que o home pode voar polo aire, falar a través das distancias, penetrar o corazón dun átomo e acéptase como parte do universo desde as súas especulacións. Un murmuro de admiración escapou dos nosos beizos e dixemos:

“Estamos ben orgullosas do traballo que fixeron as nosas nais pola causa”. Castalia, que levaba escoitando con interese, parecía estar máis orgullosa ca o resto.

Despois Jane lembrounos que aínda tiñamos moito que aprender , e Castalia pediunos que continuásemos coa xuntanza. E así comezamos a revisar longas estatísticas. Aprendemos o número de habitantes de Inglaterra e que esta ou estoutra porcentaxe eran de xente que pasaba fame ou que estaba no cárcere. Aprendemos cal era o tamaño medio dunha familia de clase traballadora e o alto porcentaxe de mulleres que morrían durante o parto. Léronse informes sobre visitas a fábricas, tendas, suburbios e estaleiros. Déronse detalladas descrições do edificio da bolsa, dun centro de negocios na cidade e dunha oficina do goberno. Agora falábase sobre as colonias, sobre como se gobernaba na India, en África ou en Irlanda. Eu, sentada xunto Castalia, notábaa algo incómoda.

“A este paso non chegaremos nunca a unha conclusión”, dixo. “Xa que parece ser que a civilización en conxunto é moito máis complexa do que nós esperabamos, non sería mellor volver ao noso plan primixenio? Acordamos que o obxectivo da vida era producir boas persoas e bos libros,

e levamos todo este tempo falando de avións, fábricas e cartos. Falemos dos homes e da arte que producen. Ese era o principal asunto”.

Entón as que saíran a cear fóra con acompañantes recolleron os seus papeis con preguntas coidadosamente pensadas e as respostas dos seus acompañantes. Acordamos que un bo home debía ser sempre honesto, pasional e pouco materialista. Mais só é posible saber se un home en específico ten estas calidades se lle facemos certas preguntas, a maior parte das veces comezando a falar sobre un tema diferente do que queremos abordar realmente. É Kensington un bo lugar para vivir? Onde é que educa vostede ao seu fillo? E á súa filla? Canto paga por uns puros? Por certo, é Sir Joseph barón ou só cabaleiro da corte? E semella que aprendemos máis das preguntas máis triviais que das directas. “Aceptei o que título,” dixo Lord Bunkum, “porque quixo a miña muller que así fose.” E xa perdín a conta de cantos aceptaron os seus títulos nobiliarios pola mesma razón. “Traballando quince das vinte catro horas do día, como fago eu...” miles de homes traballadores comezaban dicindo isto. “Non, non, claro. Vostede non sabe ler nin escribir, mais por que traballa tanto?”. “Querida señora, con unha familia tan grande que non para de crecer...” “A cuestión é: por que pensa vostede que a súa familia non para de crecer?” A resposta era sempre que as súas mulleres tamén querían que así fose, ou igual o Imperio Británico. E máis significativas que as respostas eran as negativas a respondelas.

Moi poucos respondías ás preguntas sobre moral e relixión, e os que o facían, case nunca daban respostas serias. Preguntas sobre o valor do diñeiro e o poder eran, na maioría dos casos, ignoradas, e forzar aos entrevistados a respondelas podía chegar a resultar perigoso para elas.

“Estou segura,” dixo Jill, “de que se o señor Harley Tightboots non estivese cortando a carne no momento no que lle preguntei sobre o sistema capitalista, teríame cortado a min o pescozo. O único motivo polo que conseguimos escapar intactas tantas veces é que os homes están sempre esfameados e intentan ser corteses ao mesmo tempo. Menosprézannos demasiado como para tomarnos en serio e preocuparse polo que dicimos.”

“Pois si, sempre nos fan de menos,” dixo Eleanor, “Mais como explicas ti isto entón? porque eu estiven investigando entre os artistas e resulta que non hai mulleres artistas. É certo isto, Poll?”

“Ben, están Jane Austen, Charlotte Brontë, George Elliot...” berrou Poll como un panadeiro no seu posto do mercado.

“Malditas mulleres!” berrou alguén ao fondo, “Que aburrido é ser muller!”

“Desde Safo que non hai unha artista digna de mención” comezou a ler Eleanor do titular dun xornal.

“A estas alturas xa sabemos que Safo foi, en certa maneira, un invento lascivo do Profesor Hobkin,” interrompeu Ruth.

“Como sexa, non existe razón algunha para supor que houbera nalgún momento mulleres capaces de escribir, ou que as vaia haber no futuro...” dixo Eleanor, “E sempre que falo con escritores o único que fan é falar dos seus propios libros. ‘Maxistral!’ dígolles, ou ‘parece obra do mesmísimo Shakespeare!’ (pois algo hai que dicir). Confían na miña palabra cegamente”.

“Iso non proba nada,” respondeulle Jane, “Todos fan iso. E non parece que nos vaia ser de moita axuda para o noso obxectivo. Quizais sexa mellor centrarnos na literatura contemporánea a partir de agora. Liz, tócache”.

Elizabeth ergueuse e dixo que para poder levar a cabo a súa investigación tivera que vestirse de home e finxir ser un crítico. “Eu tiven que ler bastantes novidades literarias durante estes cinco anos,” dixo, “Wells é o escritor vivo máis importante. Despois Arnold Bennett, Compton Mackenzie, MacKenna e Walpole ao mesmo nivel quizais”. Volveuse sentar.

“Pero con isto non nos aclaras nada!” protestamos, “ou queres dicir que estes señores superaron a Jane Austen ou George Elliot e a ficción inglesa contemporánea está... como dixeches no teu informe? Ai, si, ‘a salvo nas súas mans’?”

“Si, está suficientemente a salvo,” dixo balanceándose con impaciencia dun lado a outro, “e estou segura de que dan moito máis do que reciben.”

Todas nós sabiamos que iso si era certo. “E escriben bos libros?”

“Bos libros?” continuou, “Lembrede,” e comezou a falar a moita velocidade, “que a ficción é o reflexo da vida. E non podedes negar que a educación é un asunto de vital importancia. E que sería do máis molesto atoparse a soas en Brighton, cando xa é noite, sen saber cal é o mellor hostel onde durmir e, supondo que ademais é un domingo chuvioso, non sería xenial ir ao cine?”

“Pero isto que ten que ver?”

“Nada, nada, da igual.”

“A ver, cóntanos a verdade.” Pedímoslle.

“A verdade? Non vos parece marabilloso que o señor Chitter, que leva escribindo unha columna semanal durante os últimos trinta anos sobre o amor ou sobre as torradas con manteiga, enviara a todos os seus fillos a Eton?”

“Queremos a verdade!”

“Ah, a verdade, queridas amigas,” dixo, “ non ten nada que ver coa literatura.” E unha vez sentada negouse a pronunciar ningunha palabra máis.

A súa intervención pareceunos pouco concluínte.

“Señoritas, debemos intentar resumir os nosos resultados,” comezou a dicir Jane cando, a través da xanela aberta, entrou un murmurio desde a rúa que xa se levaba escoitando un tempo ao lonxe, e que agora case afogaba a súa voz.

“Guerra! Guerra! Guerra! Declararon a guerra!” berraban uns homes pola rúa.

Mirámonos horrorizadas unhas a outras. “Que guerra?” E nese momento caemos na conta de que non pensáramos en enviar a ningunha de nós a investigar a Cámara dos Comúns. Esquecémonos por completo. Miramos a Poll, que xa chegara á sección de historia da biblioteca e pedímoslle que nos explicase, “por que van os homes á guerra?”

“Pois... depende. Ás veces por unhas razón, ás veces por outras,” respondeu con calma. “En 1760, por exemplo...” e os berros da rúa

afogaron a súa explicación. “E despois en 1797... en 1804... Despois en Australia en 1866, e en 1870 foi a Guerra Franco-Prusiana... E en 1900...”

“Pero estamos en 1914!” dixémoslle.

“Ah, non sei por que van á guerra agora...” admitiu.

\*\*\*\*\*

A Guerra xa rematara e estaba a piques de firmarse oficialmente a paz cando de novo atopeime a soas con Castalia na sala onde nos reuniamos. Empezamos a pasar as páxinas dos nosos libros de actas para pasar o tempo.

“É tan estraño,” dixen, “ver o que pensabamos hai cinco anos...”

“Acordamos,” citou Castalia, “que é o obxectivo da vida producir boas persoas e bos libros.” Ningunha das dúas dixo nada ao respecto. “Un bo home ten que ser honesto, pasional e pouco materialista.”

“Que vocabulario tan de muller,” dixen.

“Ai, amiga,” dixo Castalia apartando o libro, “que parvas eramos! A culpa de todo foi do pai de Poll. Seguro que fixo deliberadamente aquel estúpido testamento. Quero dicir, forzar a Poll a ler todo os libros da London Library. Se non soubésemos ler,” dixo con amargura, “aínda estaríamos criando nenos na ignorancia, e penso que esa sería a vida máis feliz de todas. Sei o que vas dicir sobre a Guerra,” virouse cara min, “e sobre o horrible que é criar nenos para despois ver como morren como lles pasou ás nosas nais, e ás súas nais antes, e ás nais destas tamén. Mais elas non se queixaron nunca. Non sabían ler. Eu, por outra banda,” suspirou, “fixen todo o que puiden para que a miña filla aprendese a ler, e con que

propósito? Onte mesmo atopei a Ann cun xornal, preguntándome se todo o que podía ler era verdade. Preguntoume tamén se o señor Lloyd George era un bo home, se Arnold Bennett é un bo novelista, e, para rematar, se creo en Deus. Estarei educando á miña filla para que non crea en nada nin en ninguén?” preguntoume.

“Ben, sempre podes ensinarlle a crer que o intelecto dos homes é, e será sempre, superior ao das mulleres.” Suxerínlle.

A súa face iluminouse con este comentario e comezou a pasar as páxinas dos vellos libros de actas de novo. “Si,” dixo, “pensa en todos os seus descubrimentos, as súas matemáticas, as súas ciencias, a súa filosofía, a súa educación...” E acabou por escachar a rir, “Non vou esquecer nunca ao vello Hobkin e o asunto do alfinete de cabelo.” E seguiu lendo e rindo. Eu pensei que estaba feliz ata que de súpeto apartou o libro e dixo. “Ai, Cassandra, por que me torturas? Non ves que a nosa fe no intelecto dos homes é a maior falacia de todas as que nos contan?”

“Como?” exclamei, “Pregúntalle a calquera xornalista, académico, político ou empregado público deste país, e todos diranche que os homes son máis intelixentes cas mulleres.”

“Non o dubido,” dixo con desprezo, “E como vai ser doutra maneira? Acaso non os criamos así? Mantivémolos a salvo desde o principio dos tempos para que fosen intelixentes aínda que non puidesen ser nada máis na vida. É todo culpa nosa. Insistimos en ser intelixentes tamén e agora xa o somos. E a intelixencia,” continuou, “é unha rúela sen saída. Que hai mellor, máis encantador, ca un neno antes de que empeza a desenvolver a súa intelixencia? É precioso observalo. Non se da aires de nada. Entende o significado da arte e da literatura por instinto. Desfruta da vida e fai que os



demais desfruten da súa. Despois ensinámoslle a desenvolver a intelixencia e convértese en avogado, en empregado público, en xeneral do exército, en escritor ou en mestre. Todos os días ten que ir á oficina. Todos os anos ten que escribir un libro. Mantendo á súa familia grazas ao traballo do seu cerebro. Ai... pobre desgraciado... E despois dun tempo nin sequera é capaz de entrar nun cuarto sen facer que nos sintamos incómodas. Vólvese condescendente con todas as mulleres, e non lle conta a verdade nin á súa propia muller. En canto de deleitar a nosa vista, debemos cubrir os ollos para poder abrazalo. É certo, eles confórtanse con estrelas de todas as formas, cintas de todas as coras, e soldos de todos os tamaños. Mais cal é o nosos sosego? Que en dez anos poderemos pasar unha fin de semana en Lahore? ou saber que o insecto máis pequeno e insignificante de Xapón ten un nome dúas veces máis longo ca o seu corpo?

Ai, Cassandra, polo que máis queiras, temos que atopar un xeito para que os homes poidan criar nenos! É a nosa única esperanza. Pois se non lles damos algunha ocupación pura non teremos nin boas persoas nin bos libros. Morreremos baixo o froito das súas actividades desenfreadas, e non quedará ser humano algún para lembrar que algunha vez existiu un Shakespeare!”

“É demasiado tarde,” respondinlle, “non poderían manter sequera ao nenos que xa temos...”

“E pídasme que crea na intelixencia?”, dixo con firmeza.

Mentres continuabamos coa nosa conversa, na rúa foron aparecendo homes berrando a viva voz e chorando. Escoitamos que o Tratado de Paz xa estaba firmado. E despois as voces volveron desaparecer. A choiva caía e interfería co son que facían os fogos artificiais.

“A miña cociñeira ten que ir mercar o xornal da tarde,” dixo Castalia, “para que despois Ann delectee os titulares durante a cea. Teño que marchar para casa.”

“Non sei se é boa idea...” dixeron, “Unha vez aprenda a ler só che queda unha cousa na que ensinalle a crer, e iso é a crer en si mesma.”

“Iso si que sería un bo cambio,” suspirou Castalia.

E recollemos os papeis e actas, e, anque Ann xogaba entretida coas súas bonecas, nun acto solemne agasallámoslle parte do lote e dixémoslles que acabábase de escollela como futura Presidenta da Sociedade. Nese intre, a nena comezou a chorar. Pobre rapaza.

### 3. Luns ou martes

Lacazana e apática, sacudindo sen impedimento o espazo entre as súas ás, coñecendo o seu camiño, detense a garza sobre a igrexa e baixo a cúpula celeste. Branca e distante, absorta en si mesma, tapada e destapada polo ceo nun xogo infinito, aparece e desaparece. Un lago? Arríncalle as beiras. Unha montaña? Si, perfecta, o sol reluce como ouro nas súas ladeiras. Cae desde o alto. Despois fentos, plumas brancas, sempre, sempre, sempre...

Desexando a verdade, esperándoa, laboriosamente destilando unhas cantas palabras, por sempre desexando —un berro á esquerda, outro á dereita. Rodas trazando un camiño. Ómnibuses reunidos en conflito— por sempre desexando —o reloxo confirma con doce distintivos golpes que é mediodía; a luz verte escamas douradas, enxames de crianzas preto— por sempre desexando a verdade. O ceo agora é alaranxado, hai moedas colgadas nas árbores, rastros de fume das chemineas, un ladro, un bramido, un berro de “Merco ferro ao peso!”. E a verdade?

En dirección cara un mesmo punto, o pés dos homes e o pés das mulleres, negro ou con incrustacións douradas —Está o tempo neboento... Azucre? Non, grazas... A mancomunidade de nacións do futuro...— a luz entra coa potencia dunha frecha e volve todo o cuarto en vermello, a excepción das figuras negras de ollos brillantes, mentres fóra descargan unha furgoneta, e a señora Thingummy bebe té no seu escritorio, e os abrigos de pel seguen gardados en vitrinas.

Chamando a atención, co peso dunha folla, cos bordes levantados, soprado a través das rodas, con restos de prata, casa ou non-casa, reunido, esgazado, espallado nos distintos pratos da balanza, varrido para un lado, para o outro, afundido, ensamblado. E a verdade?

Para ser recollido agora xunto o lume, nas cadradas lousas de mármore. Desde a profundidade do marfil ascenden as palabras e desprenden a súa negrura, o seu xerme, e penetra todo. O libro caeu nas chamas, no fume, nas faíscas fugaces. Agora viaxando, unha praza de mármore, uns minaretos debaixo e uns mares indios, mentres os espazo torna azul e as estrelas escintilan. E isto a verdade? Ou debemos contentarnos con achegarnos a ela o máis que poidamos?

Lacazana e apática, a garza volve. O ceo arroupa as estrelas cun veo para poder descubrilas de novo máis tarde.

#### 4. Unha novela non escrita

Aquela expresión de infelicidade era suficiente por si mesma para facer que os meu ollos esvarasen alén das marxes do papel, directos á cara de aquela pobre muller ao outro lado do vagón, insignificante sen aquel xeito de mirar, case un símbolo do destino humano. A vida é o que se ve nos ollos das persoas, a vida é o que se aprende, e é imposible, por moito que se intente recluír, deixar de ser consciente do aprendido. Do que? De que a vida é así, ou iso parece. Cinco caras en fronte, cinco caras maduras, e moito coñecemento en cada unha delas. Estraña, a maneira na que as persoas intentan ocultalo. Esas marcas de reticencia nas súas faces: os beizos pechados, ollos escurecidos, cada un dos cinco facendo algo para esconder ou adormecer o seu coñecemento. Un deles fuma, o outro le, o terceiro consulta a súa axenda, o cuarto mira o mapa das liñas enmarcado no lado oposto, e o quinto rostro... ben, o terrible do quinto rostro é que non está facendo nada. Olla a vida pasar. Ah, mais muller, xoga comigo... xoga! por favor, intenta ocultar de algún xeito o teu coñecemento!

E como se me ouvise, levanta a ollada, remóvese lixeiramente no seu asento e suspira. Semella desculparse e dicir ao mesmo tempo “Se ti soubeses...”. E volveu ollar a vida de novo. “Mais si sei,” contestei en silencio, mirando no Times, como mandan os modais. “Seino todo. A paz entre Alemaña e o Aliados firmouse onte en París. O Signor Nitti é o novo Primeiro Ministro italiano. Un tren de pasaxeiros colidiu cun tren de mercancías en Doncaster ...’. Todos sabemos, o Times sabe, mais todos finximos que non.” Os meus ollos volvéronse deslizar mais aló do papel . A muller arreguizouse, moveu o brazo nun estraño movemento, e sacudiu a cabeza cara atrás. De novo mergulleime no gran depósito da vida. “Escolle o que máis che guste,” continuei, “nacimentos, mortes, matrimonios, anuncios xudiciais, os costumes dos

paxaros, Leonardo da Vinci, os asasinatos de Sandhill, os soldos altos e o custo de vivir. Escolle o que máis che guste,” repetín, “está todo no Times!” E con absoluto desánimo volveu mover a cabeza de lado a lado até que, como unha buxaina cansa de dar voltas, repousou no seu pescozo.

O Times non servía como protección contra unha pena tan grande como a súa. Mais outros seres humanos do tren facían todo o posible para non ter que interactuar. O máis efectivo que facer contra a vida é encartar o xornal nun cadrado perfecto, grosso, impermeáble. Feito isto, dirixín a mirada ao fronte, armada co meu escudo. A muller atravesouno sen dificultade, mergullouse nos meus ollos como buscando algún resto de valentía nas súas profundidades para intentar convertelo en lama. O seu arrepío negaba a existencia de calquera tipo de esperanza, escorrentando toda ilusión posible.

Atravesamos Surrey e cruzamos a súa fronteira con Sussex. E cos meus ollos centrados en observar a vida non caín na conta de que os outros viaxeiros xa baixaran, un por un, deixándonos soas, salvo polo home que lía, estabamos acompañadas na nosa soidade. E chegamos a estación de Three Bridges. Foise debuxando lentamente a plataforma e o tren parou. Iría baixar aquí este home? Eu deseixei... Desexei que quedase. E xusto nese intre ergueuse, dobrou o xornal de calquera maneira como se fose xa un asunto liquidado para el. Abriu a porta con violencia, deixounos soas.

A muller infeliz, inclinándose un pouco, pálida, sen cor na face dirixiuse a min. Faloume das estacións, das vacacións, de irmáns que vivían en Eastbourne, o tempo do ano, que por certo, esquecín se era principios ou finais. E por fin ollando a través da xanela e vendo, fun capaz de identificar a vida, e a muller respirou, “Vivir tan lonxe... esa é a inconveniencia...” Ah, xa chegábamos á catástrofe, “A miña cuñada...” A amargura do seu ton era como limón caendo en aceiro frío, e falando, non a min, cara ela mesma, murmurou, “parvadas, iso

Ile parecería a ela, iso é o que lles parece a todos”, e mentres falaba rebulía como se a pel da súas costas fose á dunha ave despenada no escaparate dunha carnicería.

“Oh, esa vaca!” dixo algo axitada, como se a gran vaca de madeira que había no prado a tivese escandalizado e ao mesmo tempo salvado de contar algunha indiscreción. E volveuse arreguizar, e fixo mesmo o movemento angular que eu xa observara antes, como se despois do espasmo, algún sitio entre os ombros lle queimase ou picase. E volveu tornar na muller máis infeliz do mundo, e eu intentei descifrala de novo, aínda que non coa mesma convicción, xa que se había unha razón para ser tan infeliz, e eu chegase a coñecer esta razón, o estigma desaparecería da vida.

“Cuñadas,” dixen.

Os seus beizos pecháronse como se lle fose cuspir veneno a tal palabra. Mais ficaron pechados totalmente. Todo o que fixo foi coller a súa luva e fregar con forza un punto na xanela. Fregou como se fregaría algo que queres borrar para sempre, algunha mancha, algunha indeleble contaminación. Mais o punto ficou a pesar das fregas. A muller volveuse afundir no sitio co xa típico arreguizo e movemento do brazo que eu esperaba con ansia. Algo me incitaba a coller a miña luva e fregar a miña xanela, na que tamén había unha pequena marca no cristal. Mais a marca ficou a pesar das fregas. E entón atravesoume un espasmo, torcín o brazo para rascar no medio das miñas costas. A miña pel tamén se podía sentir húmida, como a pel dun polo no escaparate da carnicería. Un pequeno punto entre os ombros picaba, irritado, húmido, pelado. Sería capaz de chegarlle? Tenteino de maneira furtiva. A muller miroume e dirixiume un sorriso de ironía infinita, de pena infinita, un segundo na súa face e esvaecido para sempre despois. Mais xa se comunicara comigo, compartira o seu segredo, transmitira o seu veneno, e xa non falaría máis. Apoiada na miña esquina,

protexendo os meus ollos dos seus ollos, vendo só as pendentas e os buratos grises e violetas da paisaxe invernal. Puiden ler a súa mensaxe, descifrar o seu segredo, escrito por embaixo da súa mirada.

Hilda é a cuñada. Hilda... Hilda... Hilda Marsh! Hilda, a perfecta, a dos peitos grandes, a gran señora. Hilda está de pé na porta mentres ao lonxe xa se ve o taxi chegar e aguanta na man unha moeda. “Pobre Minnie, parece máis ca nunca un saltón, e leva o mesmo abrigo que tiña o ano pasado. En fin, con dous nenos eu non podo facer moito mais por. Non, Minnie, pago eu. Aquí ten. Non Minnie, xa sabes que eses xeitos non funcionan comigo. Ti entra. Deixa que che leve a maleta, se podería ata contigo!” Entran as dúas no comedor. “Rapaces, chegou a Tía Minnie.”

A modo, os coitelos e os garfos afunden nos pratos. Inclínanse para ofrecer unha reverencia (Bob e Barbara) e ofrécenlle a man con firmeza. Despois de volta ás súas cadeiras, fitando entre bocado e bocado, en silencio. Mais esta parte da historia ímola saltar: as decoracións, as cortinas, a fonte de porcelana, anacos de queixo amarelos, as galleta cadradas brancas, e, oh, espera! Xa pasada a metade da comida un deses espasmos. Bob obsérvaa, culler en boca. “Acaba xa o teu pudín, Bob!” e a Hilda non lle parece ben. “Por que *ten que* moverse así?” E saltamos o resto até aterrar no piso superior: escaleiras con pasamáns de latón, linóleo gastado, e aquí, si! o pequeno dormitorio con vistas dos tellados de Eastbourne, a eses tellados que zigzaguean como a espiña dorsal dunha eiruga, para este lado, agora para o outro, vermello, amarelo, de lousa azul escura.

Agora, Minnie, estás coa porta pechada. escoitas como Hilda baixa ao soto, e ti abres con coidado a túa maleta, pousas na cama un camisón algo vello e ao lado unhas zapatillas de felpa. O espello... non, ti evitas sempre os espellos. Sabes dispoñer de forma metódica os alfinetes do cabelo para non precisar



espellos. E haberá algo dentro dese estoxo con forma de cuncha? Sacúdeo. É o mesmo botón de nácara que había o ano pasado, nada máis.

Despois un suspiro, e sentas xunto a xanela. Son as tres en punto dunha tarde de decembro, fóra orballa, no horizonte unha luz acesa escapando pola claraboia dunha tenda de tecidos, outra do cuarto de algún criado (esta apágase ao pouco). Non hai nada que ollar. Un momento baleiro, e... en que pensas? Deixa que che bote un ollo ao outro lado do vagón. A muller durme, ou finxe que durme. Sobre que pensaría sentada a carón dunha xanela ás tres en punto da tarde dunha tarde de decembro? Saúde? Cartos? Facturas? O seu Deus? Exacto, sentada no bordo da cadeira e ollando os tellados de Eastbourne, Minnie Marsh reza. Isto queda moi ben. E pode fregar o cristal tamén, como para poder ver mellor ao seu Deus. Mais que Deus ve? Quen é o Deus de Minnie Marsh, o Deus das rúas traseiras de Eastbourne, o Deus das tres en punto? Eu tamén vexo tellados, vello o ceo, mais este asunto de ver Deuses... O que eu vexo parécese máis ao Presidente Kruger ca ao Príncipe Alberto. Isto é o máis achegada que podo estar aos asuntos divinos. Imaxínoo nunha cadeira, levando unha levita negra, non moi alto. Podo darlle unha nube ou dúas para que sente nelas, pero non máis. E a man que arrastra por fóra da nube aguanta unha vara, ou mellor un garrote? Negro, grosso, con espiñas. Un abusón. Así imaxino ao Deus de Minnie! Enviaría el a comechón, o estremecemento crónico? Será por iso polo que ela reza? O que frega na xanela con tanta ansia é a mancha do pecado. Oh, cometeu algún delito!

Teño os meus gustos e opcións en canto a delitos. Deslizámonos a través dun bosque, o tren voa. No verán por aquí seguro que está todo cheo de xacintos. Alí, no claro, cando chega a primavera haberá margaridas. Sería unha separación? Hai vinte anos? Unha promesa rota? Non, non por parte de Minnie... Ela era fiel. Con cantísima devoción coidou da súa nai! Ata gastou todos

os seus aforros na lápida, protexida con cristal, cun floreiro cheo de narcisos. Mais non me quero desviar. Un delito... Os homes de ciencia dirían que gardou a súa dor, que reprimiu o seu segredo (ou seu sexo). Mais que banalidade cargar a Minnie con isto! Non, mellor algo así:

Paseando polas rúas de Croydon hai vinte anos, chamáronlle a atención uns lazos violetas no escaparate da tenda de tecidos. Detívose. Deron as seis. Mais se se daba presa aínda podía chegar a tempo a casa. Empurrou pola porta de cristal. Cantas ofertas e bandexas sobordando con lazos. Parou, sacou un, apalpou outro con rosas en relevo... Non tiña que escoller nin mercar nada, e cada bandexa gardaba sorpresas novas. “Non pechamos até as sete,” e de súpeto xa eran as sete. Minnie botou a correr, apurou todo o que puido, e chegou a casa, mais xa era demasiado tarde. Os veciños... O médico... O seu irmán pequeno... O fervedoiro... O hospital... O morto. A culpa? Ah, non importan demasiado os detalles! O que importa é o que arrastra con ela desde entón. A marca, o delito, o que hai que expiar, sempre alí entre os ombros. E semella que me di desde o seu asento “Si, é polo que fixen”.

Se o fixeches ou que fixeches exactamente non me importa. Non é o que me interesa. O escaparate relucindo con escintileos violetas. Si, isto queda ben. Igual é un pouco vulgar, mundano escoller este xa que hai unha ampla gama de opcións para os delitos, e hai tantos (deixa que bote un ollo ao outro lado do vagón outra vez. Aínda durme, ou finxe o sono. Branca, fatigada, coa boca pechada. Un toque de obstinación, máis do que unha pensaría de primeiras. Nada relacionado co sexo), tantos delitos... mais non todos son o *teu* delito. O teu delito foi vulgar. Só a retribución foi solemne. Agora ábrense as portas da igrexa, e recíbena os bancos de madeira escura. Ela axeónllase nas lousas marróns. E así cada día. No inverno, no verán, no crepúsculo, no amencer, alí está ela, rezando. Vai soltando todos a cada un dos seus pecados. A marca das

súas costas recíbeos. É avultada, é vermella, queima. Ela estremécese. Os nenos sinálana e rin. “Bob virá xantar hoxe”. Mais as mulleres anciás son peores.

E non podes sentar rogando por moito máis tempo. Kruger case desapareceu por detrás das nubes, embarañadas como se lles pasase por riba un pintor co seu pincel cargado de gris, ao que o propio Deus engadiu un sutil matiz de negro. A punta do garrote tamén desapareceu. Iso é o que pasa sempre! No momento xusto no que o podes ver, no que o podes sentir, alguén interrompe. Agora é Hilda.

Cantísimo a detestas! Pecha a porta de baño pola noite, aínda que é só auga fría o que queres, porque ás veces, cando pasas unha mala noite, parece como se lavarse un pouco aliviasse. E con John durante o almorzo, e cos nenos, e durante as comidas e o peor. Algunhas veces hai convidados, que non se poden esconder totalmente con plantas decorativas, e ele tamén se dan conta de que algo pasa. Por iso marchas a pasear polo peirao, onde as ondas son grises, e os papeis voan polos aires, e hai refuxios de cristal verde, e as cadeiras custan dous peniques (demasiado) porque hai vendedores ambulantes pola area. Ah, alí un negro, un home gracioso, leva con el dous papagaios, pobres criaturas! Non hai ninguén aquí que pense en Deus? Aquí, xustamente aquí no peirao, coa súa vara... pero non, só hai un ceo gris, ou quizais azul, escondido polas nubes, e música. É música militar. E que intentan pescar? Estarán tendo sorte? Os nenos ollan perplexos. E despois, hai que volver para casa. “Hai que volver para casa.” As palabras teñen significado. Igual isto díxoo o home vello con bigotes... non, non, el non fala. Mais todo ten significado, as placas nos limiares das casas, os nomes sobre os escaparates das tendas, froitas vermellas en cestos, cabezas de muller nos salóns de peiteado... todo berra “Minnie Marsh!”. E de súpeto unha volta á realidade. “Os ovos están baratos!” Isto é o que pasa sempre! Ía levala cara á ferverza, directa á loucura, cando, igual que fai un rabaño de ovellas, xira

en dirección contraria e escápaseme entre os dedos. Os ovos están baratos. Atada ás beiras do mundo non existe delito algún, nin penas, nin rapsodias nin loucuras na vida de Minnie Marsh, a que nunca chega tarde ás comidas, á que nunca colle por sorpresa unha tormenta sen chuvasqueiro, a que nunca está totalmente desinformada sobre o prezo dos ovos. E chega a casa. Limpa as solas das súas botas.

Linte ben? Mais a face humana, sobre todo a face humana por riba da maraña de follas impresas dun xornal ten moito máis que contar, retén máis do que se deixa ver. Agora, cos ollos abertos, a muller olla fóra. E no ollo humano, como o podería definir? Hai unha rotura, unha división, de maneira que cando agarras o talo, a bolboreta fuxe. Tamén a avelaiña que durme colgada da flor amarela, móvese cando levantas a man e marcha voando moi moi alto. Non levantarei a miña man. Aguanta un pouco máis, treme, vida, alma, espírito, calquera parte que haxa de Minnie Marsh. Eu tamén aguanto na miña propia flor. Un falcón sobrevoa o val, solitario. E cal era o valor da vida? Elevarse, voar, aguantar durante a noite, durante o día, aguantar tamén nos momentos baixos e despois do movemento dunha man marchar, moi moi alto, e despois pousarse de novo. En soidade, invisible. Vendo todo tan inmóbil, tan precioso. Ninguén mirando cara ti, ninguén prestándote atención. Os ollos de outras persoas son as nosas prisións. Os seus pensamentos, as nosas gaiolas. Ar enriba, ar embaixo. A lúa e a inmortalidade.... Oh, caio na herba! Ti tamén, ti, a da esquina, como te chamabas, muller? Minnie Marsh? Ou algo así.

Alí está, pegada á súa flor, abrindo o seu bolso, do que saca algo con casca, un ovo cocido. Quen dicía antes que os ovos estaban baratos? Ti ou eu? Oh, fuches ti quen o dixo cando volvías para casa, lémbreste? Cando o home vello abriu o seu paraugas de súpeto o seu paraugas, ou foi cando esbichou? Sexa como fose, Kruger marchou, e ti volviches “de volta para casa,” e limpaches as

solas das túas botas. Si. E agora pousas nos xeonllos un pano no que deixas caer pequenos fragmentos angulares de casca de ovo, fragmentos dun mapa, pezas dun crebacabezas. Oxalá puidese xuntalas! Se quedases inmóbil un pouco máis... Ela move os seus xeonllos, o mapa crebado outra vez. Na parte máis baixa das pendentes dos Andes os bloques de mármore branco van saltando e abalanzándose, esmagando a unha tropa enteira de muleiros españois e o seu convoi. O botín de Drake, ouro e prata. Pero volvendo ao tema principal...

Que vai facer? Onde vai ir? Abriu a porta, puxo o seu paraugas no paraugueiro (non pode ser doutra maneira). O cheiro do estufado de tenreira escalaba desde o soto. Punto, punto, punto. Mais o que non podo eliminar da historia, (el segue coa cabeza baixa, cos ollos semipechados, co valor dun batallón e a cegueira dun touro) o que teño que atacar e dispersar son, sen dúbida, as figuras detrás das plantas decorativas, uns comerciantes viaxeiros. Escondinos alí durante todo este tempo coa esperanza de que, de algunha maneira, acabasen por desaparecer, ou mellor aínda, que rexurdisen, como planeara nun primeiro momento, se a historia precisase seguir adquirindo riqueza e redondez, destino e traxedia, tal e como deben facer os bos relatos, metendo dentro del a dous, ou ás veces tres, comerciantes viaxeiros. E tamén unhas cantas aspidistras de interior. “A follaxe das aspidistras só cubre en parte aos comerciantes...” Unhas azaleas, en cambio, cubriríao completamente. E ademais, de propina, podería haber tamén unha gran planta que combine vermellos e brancos, como a min tanto me gusta. Pero claro, ter azaleas en Eastbourne, en decembro e na mesa dos Marsh... non, non, non me atrevo. É todo cuestión de codias e ramiñas, decoracións e fentos. Quizais máis tarde haberá un momento xunto o mar para pensar nisto. Ademais sinto unha agradable emoción por poder ver a través do das follas verdes, a través dese tecido calado, e por riba dun glaciario de cristal esculpido. O desexo de ollar, de

examinar disimuladamente ao home que está do outro lado. Só podo permitirme un. Non será ese James Moggridge, a quen os Marsh chaman Jimmy? (Minnie, tes que prometerme que non vas ter un dos teus estremecementos ata que poida fiar isto ben). James Moggridge viaxa vendendo... digamos botóns? Mais aínda non é momento de meter os botóns na historia. Nin os grandes nin os pequenos, tampouco os de ollo de pavo real, nin os dourados, nin os de pedrería, nin os corais. Mais xa dixeran que non era momento de falar de botóns. El está sempre viaxando, e os xoves, o día que recorre Eastbourne, almorza na casa dos Marsh. A súa face vermella, os seus grises ollos firmes, algo mundanos, o seu enorme apetito (isto elimina todo risco, pois non se decatara de Minnie até que o pan teña absorbido toda a salsa do prato), o pano ben metido polo pescozo en forma de diamante, un comportamento do máis primitivo, e sexa cal sexa o sentimento que esperta no lector, eu non comentarei nada máis.

Mergullémonos agora na familia Moggridge. Cada domingo James encárgase de remendar as botas de todos. Lee *Truth*, lee "a verdade". E cal pode ser a súa paixón? As rosas. E a súa muller é unha enfermeira retirada. Interesante... E, por favor, que teña un nome bonito. Mais non, esta muller vai formar parte dos fillos non natos da mente. Unha muller ilícita, amada, igual que as azaleas. Cantas persoas morren en cada novela escrita? Sempre os mellores, os máis queridos, e mentres Moggridge vive. É toda culpa da vida. Nos asentos opostos está Minnie, comendo o seu ovo, e ao final da liña (pasamos xa Lewes?) ten que estar Jimmy. Senón por que se estremece tanto? Si, ten que estar Moggridge, por culpa da vida.

A vida impón as súas leis. A vida bloquea camiños. A vida está agochada detrás das plantas decorativas. A vida é tirana, mais non unha abusona. Non, eu vou sempre de bo grado a calquera sitio. Vou atraída por sabe Deus que,

compulsivamente atravesando ramiñas e plantas de interior, mesas manchadas, ou botellas nas que só quedan pousos. Vou, sen opoñer resistencia, cara calquera oportunidade de poder aloxarme na firme carne, nunha robusta espiña dorsal, onde poida penetrar, ou polo menos atopar indicios, dunha maneira de ser, dunha alma, neste caso a de Moggridge. A estabilidade do tecido, a espiña dorsal dura como un óso de balea, recta como un carballo, da que manan as costelas, as ramas. A carne como unha lona tensada con orificios vermellos. O corazón chuchando e regurxitando. Mentres, desde arriba van caendo a carne marrón cortada en cubos do estufado e a cervexa, converténdose en sangue unha vez dentro... E volvemos chocar nun intenso contacto visual. Podo ver algo detrás da aspidistra: negro, branco, tenebroso. Agora o prato outra vez. E detrás da aspidistra albisco unha señora maior. “A irmá de Marsh, prefiro a Hilda”. Volvemos ao mantel. “O Señor Marsh debe saber o que lle pasa aos Morris”, e puxéronse a falar diso. Chega o queixo. De novo un prato, e os enormes dedos dan unha volta por el. Agora a muller en fronte di, “A irmá de Marsh non é en absoluto como el. É unha muller vella, infeliz... debería quedar na casa e non relacionarse coa xente... E sempre igual, por que se retorce agora? E pensas, será por algo que dixeran *eu*? Hahaha, estas mulleres vellas sempre incomodando. Hahahahaha”

Si, Minnie, sei que acabas de estremecerte. Espera só un pouco máis. Fagamos como que non. De volta a James Moggridge.

“Ha ha ha ha” Que son tan bonito! Como o golpe dun martelo en madeira envellecida, como o latir dun corazón dun vello cazador de baleas cando o mar está fero e as nubes cobren o ceo. “Ha ha ha.” Soa como unha campá ambulante que tranquiliza as almas inquedas, confórtaas, envólveas en liño dicindo “Ata a próxima! Moita sorte!” E despois, “Que desexa vostede?” E aínda que Moggridge puido estar disposto a podar todas as súas rosas para ela, esa

oportunidade xa pasou. E que sucede agora? “Señora, vai perder o tren! Os trens non esperan.”

Así é a natureza humana. Ese é o son que reverbera. Tamén as badaladas de St Paul e os motores dos ómnibuses. E xa estamos barrendo as faragullas. Oh, Moggridge, non podes quedar? Tes que marchar? Vas seguir recorrendo Eastbourne esta tarde cun deses carriños? Es dese tipo de homes que está sempre rodeado por caixas de cartón verdes, sentado na beira ás veces, solemne, ollando como unha esfínxe, con aire sepulcral, propio das pompas fúnebres, dos ataúdes e no ocaso marchando a cabalo en dirección ao horizonte? Cántame... mais as portas da casa pecháronse de golpe. Non nos veremos nunca máis. Adeus, Moggridge!

Si, si, xa chego. Até a parte máis alta da casa. Tardo un anaco. A lama da voltas na mente, revólvese. As augas sacudíndose, as algas axitándose e verde aquí, negro por alí, golpeando as areas ata que pouco a pouco os átomos vólvense ordenar. O depósito inclínase cara o outro lado e de novo pódese ver a través dos ollos, de maneira clara, tranquila. Aos beizos acude algunha oración en honra aos que partiron, unha pequena elexía para as almas dos que se despiden cun leve movemento de cabeza, aquelas persoas que non volveremos a ver.

James Moggridge está morto agora, ido para sempre. Ben, Minnie... “Non podo aguantar máis.” Podería dicir algo así... (Deixa que olle nela. Está limpando os restos de casca de ovo cara as máis profundas fendas do pano). Si, dixo iso. Recostada contra a parede do seu cuarto, tirando das borlas que hai no bordo as cortinas color viño tinto. Cando unha fala consigo mesma, quen fala exactamente? Unha alma sepultada, un espírito conducido cara... cara... cara á catacumba principal. O *Eu* que se intenta ocultar e deixa este mundo, un covarde quizais, e de algunha maneira tamén fermoso, flotando coas luces arriba e



abaixo, por escuros corredores. “Non podo aguantar máis” di o seu espírito. “Aquel home xantando... Hilda... Os nenos...” Ai, ceos! O seu salouco! É o seu espírito lamentándose do seu destino, o seu espírito conducido de aquí para alá, aloxándose cada vez en chans máis precarios, bases insuficientes, restos encollidos por todo o universo... Amor, vida, fe, marido, nenos, non sei que outros esplendores e esperanzas que se pousan nunha nena durante a súa infancia. “Non na miña... non na miña...”

E os *muffins*? Ou o seu can vello? Teríanlle que gustar as colchas da cama e consolarse coa roupa interior nova. Se un ómnibus pillase a Minnie Marsh e tivesen que levala ao hospital, as enfermeiras e doutores dirían.... aquí está a vista, a visión, a distancia... o punto azul ao final da avenida, en tanto que, a fin de contas, o té é dos mellores, o *muffin* está aínda quente, e o can... “Benny, vai para o teu coche, e agora che ensino o que che trouxo mamá.” E así, quitando a luva coa punta do polgar desgastada, desafiando novamente a ese persistente demo que incita a incorrer en círculos viciosos, renova as túas fortificacións, cosendo a la gris. Atravesándoa dun lado a outro.

Atravesándoa dun lado a outro, en todas as direccións, creando unha rede pola que Deus... ai! non penses en Deus! Que ben quedaron os puntos! Tes que estar ben orgullosa do remendo. Que nada poida perturbala agora. Que vaia desaparecendo a luz con suavidade, e as nubes mostren o forro interior da primeira follas verde. Deixa ao pardal pousarse e sacudir a ramiña ata que caian as gotas de chuvia prendidas. Para que erguer a ollada? Foi un son, ou un pensamento? Oh, ceos! De volta ao que fixeches. Ao escapate relucindo con escintileos violetas? Chega Hilda. Ignominias, humillacións. Por favor, pecha esta fenda.

Unha vez remendada a luva, Minnie Marsh gárdaa na cómoda. Pecha a gabeta con decisión. Podo ver a súa cara reflectida no cristal. Os seus beizos

pechados con forza. O queixo alto. Despois anoa os zapatos. Toca a súa gorxa. De que está feito o teu broche? De visgo ou de óso? Que lle está sucedendo? Se non me engano, estáselles acelerando o pulso, achégase o momento clave, a ameaza, a avalancha próxima. O momento de crise! Que o ceo che axude! E a muller prepárase para baixar do tren. Valor, valor! Afróntao con forza! Por favor, non se che ocorra esperar no felpudo! Chama á porta! Estou contigo. Fala! Enfróntate á túa cuñada, desconcerta a súa alma!

“Perdoa? Ai, si, isto é Eastbourne. Báixolle eu a maleta. Permítame.”

Ai, Minnie, aínda que mantemos as aparencias, linte ben... Estou contigo agora.

“Esta é toda a súa equipaxe?”

“Si, moitas grazas”.

A quen buscas pola estación? Hilda non vai vir buscarte. Tampouco John. E Moggridge estará na outra punta de Eastbourne a estas horas.

“Esperarei ao lado da miña maleta, señora, iso vai ser o mellor. Dixo que me viría recoller... Oh, alí está! O meu fillo.”

E marcharon xuntos.

Estou confusa.... Minnie, non sabía que estabas tan tola! Marchar así cun home descoñecido.... Para! Contareille todo ao rapaz. Minnie! Señorita Marsh! Non sei... Hai algo raro no seu abrigo cando sopra o vento. Oh, é mentira, é indecente.... Olla como se inclina o rapaz ao chegar á saída da estación. Minnie busca o seu billete. Que é o que me semella tan estraño? Saen, baixan pola rúa, un ao lado do outro. Ben, o meu mundo queda destruído a cinzas! Onde estou? Que sei? Esa non é Minnie. Moggridge non existe. Quen son? A vida quedou pelada ata o óso.

E a última ollada das dúas figuras, el baixando da beirarrúa e ela seguíndolle o paso e dobrando a esquina dun gran edificio, anégame con

historias novas. Figuras misteriosas! Nai e fillo. Quen sodes? Por que ides nesa dirección? Onde ides durmir esta noite? Onde ides durmir mañá? Oh, xiran e anéganme novas historias. Volvo á superficie! Comezo con eles. Persoas que camiñan por aquí, ou por alí. Unha luz branca leve resplandece. Escaparates... Caraveis, crisantemos, a hedra en xardíns escuros. Carriños con leite diante das portas. Vaia onde vaia hai sempre figuras misteriosas. Véxoos dobrar a esquina, nais e fillos, ti, ti, ou ti. Apuro o paso, persigo a esta estraña parella. Teño a impresión de que estamos preto do mar. Esta paisaxe gris mate, como cinza. A auga murmura e móvese. E se caio de xeonllos, se cumpro coa cerimonia, co antigo rito, sodes vos, figuras descoñecidas, a quen eu rezo. Se abro os brazos sodes vos a quen aperto, a quen atraio. Este mundo é demasiado tentador!

## 5. O Cuarteto de Corda

Pois ben, aquí estamos, e se botas un ollos ao redor do cuarto podes ver sináis dunha estación do Metro, tranvías e ómnibuses, uns cantos transportes privados, mesmo aventúrome a dicir que algún carruaxe tirado por cabalos castaños, que tamén pasan os seus días ocupados, fiando camiños dunha punta de Londres a outra. Pasados este punto, comezo a ter dúbidas...

Dúbidas sobre se, de feito, é certo, tal como están dicindo, que Regent Street está bulindo, que o Tratado de paz xa foi asinado, que o tempo non está moi frío para esta época do ano, que non hai maneira de atopar un bo sitio para alugar con estes prezos, que o peor da gripe é cando pasan os síntomas. Penso en que esquecín escribir sobre a humidade no teito da despensa, e en que deixei unha luva no tren. Agora se os lazos de sangue me requiren, inclínome con suavidade, para aceptar cordialmente a man tremente que se ofrece diante de min.

“Hai xa sete anos que nos coñecemos!”

“A última vez que nos vimos foi en Venecia.”

“E onde estás vivindo agora?”

“Cara a tardiña venme mellor, se non é moito pedir...”

“Recoñecinte á primeira!”

“A guerra interrompeunos...”

Se a mente é atravesada constantemente por tales dardos, como así o esixe a sociedade humana, hai que ser consciente de que apenas é un lanzado un, xa o seguinte vai de camiño. Aquí fai calor, e ademais prenderon as luces eléctricas da sala. Se dicir unha cousa deixa detrás, en moitos casos, unha necesidade de revisar e mellorar o xa dito, suscitando, a maiores dos remorsos, praceres, vaidades e desexos. Se ao que me refiro son aos feitos, é dicir, e aos

chapeus, as peles boas, aos fracs, e aos alfinetes de garabata con perlas. Que posibilidades quedan?

De que? Pois a cada minuto que pasa vólvese máis difícil poder explicar por que, a pesar de todo, sento aquí crendo que non son capaz de dicir o que, nin mesmo lembrar a última vez sucedeu algo así.

“Viches a procesión?”

“O Rei semellaba algo frío.”

“Non, non, non. Mais o que foi?”

“Ela mercou unha casa en Malmesbury .”

“Pois que sorte atopar unha!”

Ao contrario, a min paréceme bastante claro que ela, sexa quen sexa, tivo a peor sorte do mundo, xa que agora na súa vida todo van ser asuntos de pisos, chapeus e gaivotas, a mesma vida que parecen ter as cen persoas que aquí están ben vestidas, amuralladas, coas súas peles boas, absolutamente anegadas en si mesmas. Eu tampouco podo alardear moito posto que tamén sento pasiva nunha cadeira dourada, limitándome a darlle voltas unha e outra vez ás mesmas lembranzas, como fai todo o mundo. Pois se non me engano, todo o mundo rememora algún momento pasado de maneira furtiva en busca de algo novo. Por que nos sentimos inquedos? Por que nos sentimos tan ansiosos sobre como deixar colocados os abrigos ou sobre se levar abrochadas ou desabrochadas as luvas? Despois miro unha cara anciá contra o lenzo escuro, unha cara que fai un momento era rosada e cortés e agora taciturna e triste, case unha sombra. Sería polo son do segundo violín aafiando na antesala? Aquí veñen, catro figuras negras con instrumentos que sentan baixo as molduras rectangulares brancas, cara a luz. Pousando as puntas dos seus arcos nos atrís, elevándoos despois simultaneamente, equilibrados con elegancia, e mirando con absoluta atención ao músico que tiñan diante. O primeiro violín conta un, dous, tres....

Florear, desbordar, florecer, explotar! A pereira no cume da montaña. Chorros de auga, pingas descendendo. As augas do Ródano flúen rápidas e fondas, apurando baixo os arcos, varrendo as follas que caen na beira, convertendo en sombras aos peixes prateados. As troitas apuran a través da auga, arrastradas cara unha poza onde se reúnen unha conglomeração de peixes saltando, chapuzando, refregando as aletas uns con outros. E tal é o fervor da corrente que os cantos amarelos revólvense no fondo unha e outra, e outra, e outra vez. Liberados agora, apurándose cara abaixo, ou saltando vertixinosamente en espiral sobre a auga, encurvándose coma finas cortizas baixo as follas, arriba, arriba.... Que doce e marabillosa é a benevolencia de quen, a paso lixeiro, vai sorrindo polo mundo! Tamén as vellas peixeiras, agachadas baixo arcos, vellas obscenas, que rin, estremécense, balancéanse con forza cando andan dun lado para outro.

“Isto é unha peza da primeira etapa de Mozart, claro...”

“Mais a peza, como todas as súas pezas, fai a unha sentirse abatida... quero dicir, esperanzada. Que que quere dicir? Iso é o peor da música! Eu quero danzar, rir, comer pasteis rosas, pasteis amarelos, beber viño. Ou unha historia indecente, con iso si que gozaría. Canto máis vella medra unha, máis lle gusta a indecencia. Ha ha ha! Estou rindo. De que? Se ti non dixeches nada, nin tampouco o señor que está en fronte. Mais supón, supón que... Shhh, cala!”

Arrásanos o río da melancolía. Cando a lúa atravesa as ramiñas dos salgueiros podo ver a túa cara, podo escoitar a túa voz, e tamén ao paxaro que canta mentres imos de camiño ao noso leito de vimbios. Que murmuras? Pena, pena. Alegría, alegría. Tecidos xuntos como cañas baixo a luz da lúa. Tecidos xuntos, inextricablemente mesturados, ligados pola dor e enleados na pena...  
Un golpe!

A barca afunde. As figuras ascenden, álzanse, delgadas como follas, afiándose ata converterse nun espectro tenebroso, quen coroado con lume, extirpa do meu corazón as paixóns xemelgas. Canta para min, desprecinta a miña pena, desxea a piedade, inunda con amor un mundo sombrío, e nin cesando cedas a súa propia tenrura, senón que hábil e sutilmente tece e destece ata que esta pauta, esta consumación, todas as a gretas acaben unificadas. Ascenden, saloucan, afunden para descansar, pena e alegría.

Para que aflixirse entón? Que queres? Ficas insatisfeita? Eu diría que todo quedou resolto. Si. Deixa que descanse baixo un manto de pétalos de rosas caendo. Caendo. Ata que paran de caer. Un pétalo de rosa, caendo desde unha altura enorme, como un pequeno paracaídas desde un globo invisible, xirando, ondeando. Non chegará a nós.

“Non, non. Non entendín nada. Isto é o peor da música, estes estúpidos soños. E dis que o segundo violín ía tarde?”

“Aí está a vella Señora Munro, saíndo ás apalpadelas por este piso esvaradío, cada ano está máis vella a pobre.”

Cega vellez, esfinxe de cabelo gris.... Aí está, de pé no pavimento, facéndolle acenos, con severidade, ao vermello ómnibus.

“Que bonito! Que ben tocan! Que... Que... Que...”

A lingua non é máis ca un badalo. Pura simplicidade. As plumas no chapeu ao meu lado brillan e son agradables á vista, igual que o axóuxere dun meniño. As folla dun plataneiro refulxe verde entre as cortinas. Moi estraño, moi emocionante.

“Que... que... que...” Shhh! Cala!

Estes son os amantes na herba.

“Se puidese, señora, tomar a miña man...”

“Señor, confiaríalle o meu corazón. Aínda que deixamos os nosos corpos na sala de banquete. No céspede están só as sombras das nosas almas.”

“Entón estes son os abrazos das nosas almas.” Os limoeiros asenten. O cisne apártase da beira e aboia durmido cara o centro da corrente.

Mais para continuar, el seguiume polo corredor, e, cando viramos a esquina, pisou o encaixe da miña enagua. Que podería facer senón berrar ‘Ah!’ E sinalar co dedo? Momento no que desenvaiñou a súa espada, esgrimíndoa como se estivese apuñalando a alguén ata a morte e berrando, ‘Tolo! Tolo! Tolo!’. Eu volvíñ berrar, e o Príncipe, quen estaba escribindo no seu grande libro de pergamiño no peitoril, saíu co seu gorro de veludo e zapatillas e agarrou un estoque da parede (un que fora agasallo de Rei de España, sabes?). Nese momento fuxín, estirando o meu abrigo para esconder os estragos na miña saia, para esconder... “Escoita! As trompetas!”

O cabaleiro responde tan rápido á señora, e ela corre cara arriba polas escaleiras con tal enxeñoso intercambio de piropos que culminan nun salouco de paixón. Queda claro que as palabras non se poden entender por moi sinxelos que sexan os significados: amor, risa, fuxida, procura, gozo divino. Todo brota das máis felices ondulacións da tenrura, do afecto. Até que o son das trompetas de prata, ao principio distantes, soan máis e máis preto, como se senescales saudasen ao amencer ou proclamasen ominosamente a escapada dos amantes.... O xardín verde, a poza baixo a luz da Lúa, os limoeiros, os amantes, e os peixes disólvense no ceo opalino, a través do cal, ao son das trompetas úneselle o das trompas, tamén apoiado polo de algúns claríns. Álzanse firmes arcos brancos plantados en columnas de mármore... Emoción e trompeteo. Estrondos e clamores. Sólido asentamento. Rápidos alicerces. O desfile da míriades. Confusión e caos pisan a terra. Mais esta cidade á que viaxamos non está feita de pedra nin de mármore, resiste eterna, aguanta inmóbil. Ningún



rosto nin bandeira saúdan ou dan a benvida. Deixa que a esperanza pereza, abandona no deserto a miña alegría, avancemos en coiros. Ispe estas columnas, alleas a todo, sen sombra, resplandecentes, indulxentes. Atrás entón caio, xa sen ansia , desexando só marchar, atopar a rúa, marcar os edificios, saudar á vendedora de mazás, falar coa criada que abre a porta. Unha noite estrelada.

“Boa noite, boa noite. Vai vostede tamén por aquí?”

“Non, síntoo, vou en dirección contraria.”

## 6. Azul e verde

### Verde

Aguzadas pingas de cristal colgan boca abaixo. As luz atravesa os vidros e proxecta una charca verde no chan. Sen descanso, durante todo o día, estas dez pingas e o seu brillo proxectan o verde no mármore. Igual que as plumas dos periquitos, e os seus fortes chíos, igual que as recias follas das palmas, son agullas verdes que brillan ao sol. O duro cristal, parece gotear no mármore, creando charcas que crecen, anegando as areas do deserto, cos camelos dando tombos na súa dirección. A charca aséntase sen oposición algunha sobre o mármore, con xuncos por todo o seu bordo, con malas herbas desmedidas, e aquí ou alí algunha flor branca. Unha charca onde choutan as ras, e onde, pola noite, as estrelas se colocan educadamente, intactas. Chega a noitiña, e as sombra varren o verde cara a repisa, en forma de ourizada superficie mariña. Mais non chega ningún barco, só ondas sen rumbo e sen propósito abanean baixo o ceo. É noite. Agora as aguzadas pingas reflicten manchurróns azuis. Nin rastro do verde.

### Azul

Álzase na superficie un monstro de nariz requintado, expulsando dúas columnas de auga, unha por cada fosa nasal. Dúas columnas co interior branco marfil que se disolven na punta en finos flocos de abelorios azuis. O azul derramado reviste as paredes da súa toba. Agromándolle agora a auga pola boca, ademais de polas fosas nasais, o monstro canta, case afogando, totalmente cuberto polo azul, mergullándose ata a altura dos puídos cantos que son os seus ollos. Xace varado

na praia, redondo, contundente, mudando todas as enxoiatas e azuis escamas. O azul metálico tinxo o aceiro enferruxado da praia. Azuis son tamén as costelas da afundida chalana. Unha onda pasa por debaixo das campás azuis. O resto da catedral é dunha tonalidade diferente, fría, cun aire cargado de incenso, dun descolorido azul como o dos veos das madonnas.

## 7. Kew Gardens

Desde o leito ovalado de flores dos xardíns xurdían polo menos uns cen talos, ateigados ata a metade de follas en forma de corazón ou de lingua e despregando na punta pétalos vermellos, azuis ou amarelos, algúns con puntos de outra cor. E da escuridade cavernosa vermella, azul ou amarela emerxía unha vara, áspera con po dourado e levemente achatada na punta. Os pétalos eran suficientemente voluminosos para poder ser mecidos pola brisa de verán, e cando se movían, o vermello, o azuis e o amarelo mesturábanse un con outro e despois có marrón da terra manchando as zonas próximas coas cores máis intrincadas. Esta luz caía sobre a cara suave dun seixo gris escuro, sobre a cuncha marrón cun deseño en espiral dun caracol, ou cando caían nunha pinga de choiva, expandíanse as tres cores con tal intensidade polos finos límites da auga que unha esperaba ver como rebentaba e desaparecía. Porén, as pingas ficaban así uns segundos para despois volver de novo á súa cor gris. E a luz agora daba contra a carne dunha folla, revelando as fibras que se ramificaban por toda a superficie, e outra vez, continuou o seu traxecto e estendeuse por todo o espazo verde circundante baixo a cúpula de follas con forma de corazón e de lingua. Foi entón cando a brisa axitou con máis forza e a cor proxectouse no ceo e nos ollos de homes e mulleres que paseaban polos Kew Gardens aquela tarde de xullo.

As presencias destes homes e mulleres paseaban preto do leito de flores cun movemento curiosamente irregular, non moi diferente ao das bolboretas brancas e azuis que cruzaban o céspede en zigzag, de flor en flor. Un home ía lixeiramente por diante da súa muller, paseando devagar, mentres ela camiñaba con maior determinación, só virándose de cando en vez para asegurarse de que os nenos non quedaran moi atrás. O home mantiña esta distancia coa muller

expresamente, aínda que quizais de maneira inconsciente, xa que desexaba estar a soas cos seus pensamentos.

“Hai quince anos vin aquí con Lily,” pensou. “Sentamos nalgún recuncho por alí, xunto o estanque, e pasei aquela calorosa tarde suplicándolle que casase comigo. Lembro con que ansia voaba a libélula en círculos ao noso arredor. Podo ver con tanta claridade aquela libélula e o seu zapato coa fibela de prata cadrada na punta... Eu ollaba o seu zapato mentres falaba, e cando vin aquel movemento tan impaciente souben cal ía ser a súa resposta sen necesidade de mirala aos ollos. Toda ela parecía estar atrapada naquel zapato. O meu amor e o meu desexo estaban na libélula, e por algunha razón pensaba que se se pousaba alí, na folla grande coa flor vermella no medio, ela diría ‘sí’ ao momento. Mais a libélula deu voltas e voltas. Non parou en ningún sitio. Por suposto que non, felizmente que non, ou non estaría eu agora aquí paseando con Eleanor. Dime, Eleanor, pensas algunha vez no pasado?”

“Por que preguntas, Simon?”

“Porque estaba pensando do pasado. Estaba pensando en Lily, a muller coa que estiven a piques de casar... Ben, por que ese silencio? Moléstache que pense no pasado?”

“Non, por que ía molestar, Simon? Ou non é certo que un pensa sempre no pasado cando está nun parque rodeado de homes e mulleres deitados baixo as árbores? Non son eles o pasado? Todo o que nos queda del? Eses homes e esas mulleres son fantasmas deitados baixo as pólas das árbores... A felicidade, a realidade propia...”

“Para min un zapato coa fibela de prata cadrada na punta e unha libélula...”

“Para min un bico. Imaxina seis rapazas sentadas fronte cadanseu cabaleta hai vinte, por alí, na beira do estanque, pintando nenúfares. Os primeiros nenúfares vermellos que vin na miña vida. E de súpeto un bico na caluga. E a miña man tremeu tanto durante o tarde que non fun quen de pintar nada. Collín o meu reloxo e marquei á hora na que me permitiría a min mesma pensar nese bico durante cinco minutos exactos. Foi tan lindo... O bico dunha muller de cabelo gris e cunha verruga no nariz. Foi o bico da miña vida. Caroline, Hubert, vamos!”

Pasaron o leito de flores, agora camiñando os catro á mesma altura, e volvéronse cada vez máis e máis pequenos entre as árbores. Volvéronse case transparentes a medida que a luz do sol e as sombras os atravesaban na distancia. As súas costas non eran máis ca catro figuras irregulares e trémulas no horizonte.

Nalgún punto do leito de flores o caracol, cuxa cuncha fora tinguida de vermello, azul e amarelo durante dous minutos ou así, agora semellaba moverse lentamente dentro dela. E despois comezou a camiñar con máis e máis traballo sobre a faragullas de terra solta que rompía e empurraba el mesmo cando lles pasaba por riba. Semellaba ter un obxectivo claro, diferindo desta maneira do peculiar insecto verde de patas angulares que o quería cruzar nese momento. Un insecto que esperaba con ansia e as antenas preparadas, deliberando ata que decidiu moverse e saír correndo en dirección contraria. Cantís marróns con profundas lagoas verdes nos furados, unha chaira, árbores que parecía tecidos desde a raíz ata a punta, seixos gris escuro, vastas superficies rugosas de textura crebadiza... Todo isto era o que había no camiño do caracol, entre a súa posición e a súa meta. Antes de que puidese decidir se evitar a tenda arqueada que formaba unha folla morta ou atravesala, pasaron preto do leito outros pares de

pés humanos.

Nesta ocasión eran dou homes. O máis novo do dous tiña unha expresión de calma pouco natural. Levantou os seus ollos, dirixiunos con firmeza ao fronte mentres o seu acompañante falaba, e despois de falar o acompañante volveu ollar para o chan. Ás veces abría os beizos despois dunha longa pausa, outras veces non os abría en absoluto. O maior dos dous tiña unha curiosa e desigual maneira de camiñar, axitando a man cara adiante e a cabeza cara atrás bruscamente, como un cabalo dos que tiran de carruaxes e están cansos de esperar fóra das casas. Claro que no caso deste cabaleiro estes xestos non tiñan ningún sentido. Falaba sen cesar, sorría cara si mesmo e volvía comezar, como se o sorriso fose unha resposta. Falaba sobre espíritos, os espíritos dos mortos, quen, segundo el, estábanlle contando as máis estrañas historias sobre as súas experiencias no Paraíso.

“Os antigos coñecían o Paraíso como Tesalia, William, e agora, con esta guerra, os espíritos corren polos montes como tronos nunha noite de tormenta.” Parou, semellaba escoitar, sorriu, axitou a súa cabeza e continuou:

“Tes unha pila pequena e unha peza de goma para illar o cable? Separar? Illar? Ben, saltaremos os detalles, non fai falta dar detalles que non se vaian entender. En resumo, a pequena máquina pódese colocar en calquera posición conveniente segundo o cabezal da cama, como por exemplo, nun robusto de caoba. Todos os arranxos faranos traballadores competentes baixo a miña supervisión, claro. Despois a viúva colocará a súa orella e, unha vez lle dea eu o sinal, invoca ao espírito. Mulleres! Viúvas! Mulleres de negro...”

O home semellou ver na distancia un vestido de muller que á sombra reflectía un violeta case negro. Quitou o seu chapeu e colocouno á altura do

corazón, e apurou na súa dirección murmurando e xesticulando de maneira febril. Mais William agarrouno pola manga e sinalou unha das flores co bico do seu caxato para desviar a atención do home. Despois de ollar algo confuso durante un intre, o home achegoulle a orella e semellou responder a unha voz que xurdía da flor, algo sobre os bosques de Uruguai, que o home visitara había centos de anos en compañía da moza máis fermosa de Europa. Podíase escoitar sen esforzo esta solitaria conversa sobre os bosques de Uruguai, envoltos por unha cobertura de pétalos de rosas tropicais, reiseñores, praias, sereas e mulleres afogadas no mar. E seguiu contando mentres se deixaba guiar lonxe das flores con gran pesar por William, en cuxa cara ía medrando pouco a pouco unha expresión de paciencia estoica, cada vez máis profunda.

Seguindo os seus pasos, tan de preto que puideron albiscar algún dos xestos do home maior, ían, intrigadas, dúas señoras de clase media-baixa, unha grade e robusta, e outra de fazulas coloradas e de movemento áxil. Igual que a maioría da xente do seu status social, estaban fascinadas polas excentricidades que provocaba un cerebro trastornado, sobre todo cando as sufrían persoas de posición acomodada, aínda que estaban demasiado lonxe dos rapaces como para saber con certeza se estes xestos eran pura excentricidade ou tolemia lexítima. Cando remataron de ollar en silencio as costas do home maior, intercambiaron unha mirada de disimulo e retomaron enerxética mente a súa conversa onde a deixaran:

“Nell, Bert, Lot, Cess, Phil, Pa, díxome, dixen, dixo, dixen, dixen, dixo...”

“O meu Bert, a miña irmá, Bill, o avó, o home vello, azucre. Azucre, fariña, arenques afumados. Azucre, azucre, azucre.”



A muller robusta observou as flores a través da ferverza na que saían as palabras da súa acompañante. As flores ficaban frescas, firmes na terra. Observounas como unha dormente que esperta de madrugada dun profundo sono e parecéndolle estraña a maneira na que se reflicte a luz do candeeiro, pecha os ollos, vólveos abrir, e vendo o candeeiro de novo acaba por espertar por completo, fitando para el con absoluta atención. Deste xeito, a muller corpulenta detense fronte o leito de flores ovalado, e deixando de finxir que está escoitando o que di a súa compañeira, queda alí, deixando que as palabras flúan, esvaren sobre o seu corpo. E ela abanea o seu torso con sutileza, adiante e atrás, ollando as flores. De súpeto a muller propón buscar un sitio no que poidan sentar e tomar o té.

O caracol nese momento xa pensara en tódolos métodos posibles para chegar ao seu obxectivo sen ir ao redor da folla morta nin subir por riba dela. Sen contar o esforzo que suporía escalar dita folla, dubidaba que esa fina textura, que vibraba cun alarmante estralo cando a tocaba aínda que que fose coas puntas dos seus cornos, aguantase o seu peso. Iso foi o que determinou que ao final se decidise por arrastrarse por embaixo, pois había un punto onde a folla se curvaba o suficiente para crear unha altura desde o chan por onde couber. Acababa de meter a cabeza polo oco e estaba examinando o teito castaño e afacéndose á fría luz parda cando outras dúas persoas pasaron por fóra, polo céspede. Agora eran os dous máis novos, un mozo e unha moza. Os dous na flor da vida, ou nesa época que parece ser a flor da vida, ese momento no que os delicados e rosados pregos das flores aínda non se despregaron, ou cando as ás das bolboretas, aínda que xa completamente formadas, fican inmóbiles baixo o sol.

“Por sorte non é venres,” dixo el.

“Por que? Ti cres na sorte?”

“É que hai que pagar seis peniques para entrar os venres.”

“Seis peniques non son nada. Non che parece que isto os vale?”

“*Isto?* A que te refires con *isto*?”

“Boh, pois... calquera cousa. A ver, ti xa sabes ao que me refiro.”

Houbo pausas longas entre cada un destes comentarios, pronunciados cunhas voces monótonas e inexpresivas. A parella estaba na beira do leito de flores, e xuntos cravaron a punta do parasol dela na terra branda. Ese acto, e o feito de que a man del quedaba por riba da man dela, expresaba o seus sentimentos dunha maneira estraña. De igual xeito, esas palabras breves e insignificantes que se dirixían tamén expresaban algo. Eran palabras con ás pequenas para cargar con corpos cheos de significado. Pouco apropiadas para levalas lonxe, perfectas para apoiarse sobre os obxectos mundanos que os rodeaban. Estas palabras eran, para o seu tacto inexperto, sólidas de mais. E quen sabe, pensaron eles cravando o parasol á terra, que precipicios agochan, ou que ladeiras de xeo non reflicten o sol polo outro lado? Quen sabe? Quen puido ver iso algunha vez? Mesmo cando ela preguntou que tipo de té daban en Kew, el sentiu que algo importante asexaba nas súas palabras, un subtexto vasto e sólido. E a néboa disipouse devagar e puideron ver... Vaites! que eran aquelas formas? Pequenas mesas brancas e camareiras que miraban primeiro para ela e despois para el. E había unha conta que el podería pagar cunha moeda real de dous xilins, e era real, todo real, asegurouse buscando a moeda no seu peto ata sentila coa punta dos dedos. Era real para todo o mundo menos para eles dous. Mesmo para el aquilo comezaba a ser real, e entón... era demasiado emocionante como para quedar alí pensando. E dun tirón arrincou o parasol do

chan, impaciente por atopar ese lugar onde tomar té rodeado de outras persoas, sendo igual ca outras persoas.

“Vamos, Trissie. É hora de ir tomar o té.”

“E onde se vai tomar o té?” Preguntou cunha estraña emoción na súa voz. Ollando vagamente ao redor e deixándose levar polo camiño de herba, arrastrando o seu parasol, virando a cabeza de lado a lado, esquecendo o té, deixándose ir por alí e por acolá, lembrando as orquídeas e os grous entre as flores silvestres, un pagode chinés e un picapau de crista vermella. El tiraba por ela.

Así unha parella atrás doutra, cos mesmos movementos irregulares e erráticos, pasaban xunto o leito de flores e ficaban envoltas por capas e capas de vapor azul verdoso, no cal, ao principio, os seus corpos tiñan substancia e un toque de cor, pero despois dun anaco, tanto a substancia coma a cor disolvíanse nunha atmosfera igual de azul verdosa.

Ía tanta calor que mesmo o merlo prefería saltar, como un paxaro mecánico, á sombra das flores, con longas pausas entre un movemento e o seguinte. E as bolboretas brancas, en lugar de deambular sen rumbo polos xardíns, danzaban unhas sobre as outras trazando coas súas brancas ás en movemento a silueta dunha columna de mármore escachada por riba das flores máis altas. O tellado de cristal do invernadoiro principal relucía como se todo un mercado de parasoles verdes e brillantes se abrise sincronizados. E no zunido dun avión a voz do ceo de verán murmuraba a súa alma salvaxe. Amarelas e negras, rosas e brancas, formas de todas estas cores, homes, mulleres, e nenos albiscábanse durante un segundo no horizonte, e entón, vendo o alcance do amarelo que se pousaba na herba, vacilaban e procuraban unha sombra debaixo

das árbores, disolvéndose de novo como pingas de auga na atmosfera amarela e verde, tinguíndoa nun degradado de vermello e azul. Era como se todos os corpos brutos e pesados afogasen na calor e ficasen inmóbiles, deitados no chan. E as súas voces saíndo deles como se fosen chamas que verten os corpos finos e cerosos das candeas. Voces, si, voces. Voces que non pronunciaban palabras, rompendo o silencio cunha alegría tan fonda, unha paixón polo desexo, igual ca nas voces dos nenos, coa frescura da sorpresa, rompendo o silencio? Mais non había silencio. Os motores dos ómnibuses que pasaban facían virar as rodas ou cambiar as marchas, como un gran niño de caixas chinesas de aceiro forxado que viran sen parar unha dentro de outra, a cidade murmura, vibra. E no máis alto as voces berran con forza e os pétalos das miríades de flores proxectan as súas cores no aire.

## 8. A Marca na Parede

Pode que fose a mediados de xaneiro, no presente ano, cando me decatei por vez primeira da marca na parede. Para poder escoller unha data é necesario lembrar o que se viu. Por iso agora penso no lume, no filme de luz firme e amarela sobre a páxina do meu libro, no tres crisantemos no floreiro de cristal sobre a repisa da cheminea . Si, debía ser inverno, xusto despois da cea. Lembro que eu estaba fumando cando levantei a vista e vin a marca na parede por primeira vez. Ollei por riba do fume do meu cigarro e o meu ollo cravouse durante un momento nos carbóns en chamas, e veu á miña mente unha vella e elegante bandeira carmesí ondeando no alto da torre do castelo, e pensei nun desfile de cabaleiros vermellos cabalgando polo bordo dunha montaña negra. No canto de tranquilizarme, a vista desta marca interrompeu a fantasía, esta vella fantasía do inconsciente creada na infancia quizais. A marca era unha marca circular pequena, negra sobre a branca parede, seis ou sete polgadas por riba da repisa.

Con tanta sinxeleza os pensamentos se moven en rabaño cara un obxecto novo, elevándoo só un pouco, como formigas levantando unha folla de palla de maneira frenética, para despois deixalo caer.... Se aquela marca é dun cravo, non puido ser para colocar un cadro, quizais para unha miniatura, a miniatura dunha señora con rizos empoados en brancos, colorete nas fazulas, e beizos vermellos coma un caravel. Isto é unha invención propia, claro, xa que as persoas que tiveran esta casa antes de nós escollerían imaxes deste xeito: unha cadro antigo para un cuarto antigo. Esa era a clase de persoa que semellaban. Persoas moi interesantes, e penso nelas a miúdo, en situacións algo estrañas, porque nunca os vou ver de novo, nunca saberei o que lles sucedeu na vida. Quixeron deixar esta casa porque querían mudar o seu estilo de mobiliario, ou

iso dixera el, e estaba no proceso de contarnos que na súa opinión a arte debería agochar ideais detrás cando as nosas vidas se esgazon, como se esgaza a vida propia da vida dunha señora vella a punto de verter por fóra da cunca e da dun home novo que está a piques de pegarlle á pelota de tenis no xardín traseiro dunha casa suburbana mentres ti vas no tren.

Mais, en canto a esta marca, non sei moito sobre ela. Definitivamente, non creo fose por unha punta. É demasiado grande, demasiado rolda. Podería erguerme, mais se me erguese e a ollase de preto, probablemente tampouco sería capaz de descifrar a súa orixe con seguridade, porque unha vez unha cousa está feita, ninguén nunca poderá saber con exactitude como se fixo. Ai! Aquí se demostra o misterio de vida, a imprecisión do pensamento, a ignorancia de humanidade! É só unha mostra do pouco control que temos sobre as nosas posesións, unha mostra do acontecemento accidental que son as nosas vidas no contexto da nosa civilización.

Vou contar cantas cousas se perderon nunha vida, comezando polas que parecen sempre as perdas máis misteriosas. O que morden os gatos, o que roen as ratas. Tres cuncos en cor azul celeste con ferramentas de encadernar libros? Tamén unhas gaiolas de paxaro, uns aneis de ferro, un par de patíns, un cubo para o carbón da época da Raíña Anne, un taboleiro de bagatelle, un órgano de man... todo desaparecido, e as xoias tamén. Ópalos e esmeraldas xacendo coas raíces dos nabos. Que asunto tan delicado é falar con seguridade! A marabilla é que podo leva calquera roupa e que podo sentar nun cuarto cheo de mobiliario robusto, bo. E, se alguén quere comparar vida a calquera cousa, debe comparala sempre a ir en metro a cincuenta millas por hora, chegando ao destino sen ningún alfinete cabelo! Berrándolle aos pés dun Deus enteiramente en coiros! Caendo de cabeza sobre nos pastos dun prado como se foses un paquete de papel marrón lanzado boca abaixo na oficina de correos! Có cabelo voando

como as crinas dos cabalo durante unha carreira. Si, sen dúbida isto expresa con veracidade a velocidade da vida, os perpetuo proceso de fractura-e-reparación; todo tan casual, todo tan fortuíto....

Mais, despois da vida, unha lenta atracción ata o lugar onde nacen os talos verdes, e axudalos a crecer e a que o cáliz da flor, cando xire, inunde a quen por alí pase de luces violetas vermellas. Por que, á fin e ao cabo, non deberían as persoas ser iguais nacesen alí ou nacesen aquí, indefensas, mudas, incapaces de centrar a vista, tenteando nas raíces da herba, nas dedas dos Xigantes? En base a que se escolle o que son árbores, e que son homes e mulleres, ou se hai cousas que non se poderán facer ata pasados cincuenta anos ou máis? Non haberá nada máis que espazos de luz e escuridade, cruzado por grosos talos, tamén quizais bastante crecidos, manchas con forma de rosas de cor indistinta, sobre todo rosas e azuis tenues, que co paso do tempo, deveñen máis definidas, deveñen... non sei...

E xa que marca na parede non é un furado, pode ser que a causase algunha substancia negra en forma circular, como a folla dunha rosa pequena abandonada desde o verán, porque eu non teño control total sobre a miña casa. Mira por exemplo o po que hai na repisa, o mesmo po que enterrou Troia tres veces, deixando só fragmentos de tarros que rexeitan a súa aniquilación.

A árbore fóra da xanela toca moi suavemente na fiestra.... Quero pensar en silencio, con calma, extensamente, que non me interrompan xamais, non ter que erguerme da miña cadeira nunca, fluír sen esforzo dunha cousa a outra, sen sentido algún de hostilidade, ou obstáculos. Quero afundir no máis profundo, lonxe da superficie e os seus duros feitos. Para seguir, déixame contar a primeira idea que pase.... Shakespeare.... Ben, un tema tan bo como calquera outro. Un home que sentou robusto nunha butaca, ollou o lume... Unha choiva de ideas caeu perpetuamente desde a parte máis alta do Ceo e directa na súa mente.

Apoiou a fronte na súa man, mentres outras persoas o ollaba desde a porta aberta, porque esta escena suponse que ten lugar nunha noitiña de verán. Pero vaia aburrimento é a ficción histórica! Non me interesa en absoluto. Oxalá puidese acadar unha boa ruta de pensamento, unha ruta que indirectamente reflecta como son eu, ese son os pensamentos máis agradables, tamén os máis frecuentes, mesmo nas mentes da modestas xentes da cor dos ratos que cren con sinceridade que lles desagradan ouvir os seus eloxios propios. Non son pensamentos enxalzándose directamente, esa é a beleza que esconden, son pensamentos así:

“E entón entrei no cuarto. Estaban falando sobre botánica. Contei que vira unha flor medrando nun monte de terra onde antes había unha casa vella en Kingsway. A semente, dixeron, seguramente estaba alí desde o reinado de Carlos I. Que flores medraban durante esa época?” Preguntei, mais non lembro a resposta. Flores altas con estames púrpura quizais. E así sempre. Todo o tempo estou vestindo mentalmente a miña propia figura, con afecto, con cautela, non adorándoa abertamente, xa que se se o fixese, daríame conta e acabaría por estirar a miña man inmediatamente cara un libro, a forma de autoprotección. De feito, é curioso como se protexe de maneira instintiva a imaxe propia da idolatría ou de calquera tipo de manipulación que a puidese presentar como ridícula, ou como unha imaxe demasiado distante da orixinal, no caso de ser crido por máis tempo. Ou non é tan curioso como eu penso? Sen dúbida é un asunto de gran importancia. Imaxina que os espellos rompen, a imaxe desaparece, e a figura romántica co verde de profundidades forestais e todo o que foi xa non existe. Queda só a cuncha dunha persoa que é vista por outras persoas... vaia mundo asfixiante, superficial e baleiro devén! Un mundo non para ser vivido. Como cando nos sentamos fronte a fronte con alguén nos



ómnibuses ou no metro e en realidade estamos ollando ao espello que expón a imprecisión e o resplandor do vidro no nosos ollos.

Os novelistas do futuro decatáranse mellor da importancia destas reflexións, xa que non hai unha soa reflexión senón un número case infinito delas. Estas son as profundidades que explorarán, os fantasmas que queren perseguir, deixando a descrición da realidade cada vez máis e máis fóra das súas historias, dando por feito o coñecemento desta, igual que fixeron os gregos e quizais tamén Shakespeare... aínda que estas xeneralizacións non teñan valor algún. O son militar da palabra é suficiente. Resoa en artigos principais, ministros de gabinete, ou en outras categoría de cousas que pensamos, cando somos crianzas, son unha categoría estándar, unha categoría real, da que non se podería escapar por medo a non poder salvarse do risco, da condena, de non ter nome. As xeneralizacións, dalgunha maneira, traen á miña mente devolta a un domingo calquera en Londres, paseos de tarde de domingo, as comidas de domingo, e tamén xeitos de falar dos mortos, da roupa, dos costumes... como o costume de sentar xuntos nun cuarto até unha hora asignada, aínda que a ninguén lle apeteza xa estar xuntos. Había unha regra para todo. A regra para os manteis naquel período particular era que tiñan que estar feitos dun tecido con pequenos cadrados amarelos estampados, similar ao que se pode ver en fotografías das alfombras nos corredores dos palacios reais. Manteis doutro tipo non eran manteis. Can desconcertante, e aínda así can marabilloso é descubrir que estas cousas reais, as comidas de domingo, os paseos de domingo, as casas de campo, e os manteis non son completamente reais. Son, de feito, medio espectros, e o castigo que visita as mentes escépticas non era outra cousa que unha sensación de liberdade ilexítima. Pregúntome que suplanta o sitio daquelas cousas agora, daquelas cousas estándares e reais. Os homes quizais, deberían ser mulleres. O punto de vista masculino que goberna as nosas vidas,

o cal pon o estándar, o cal establece cales son os temas importantes segundo o *Whitaker's Almanak* e a súa *Táboa de Precedencia*. Este punto de vista deveu, ao meu ver e desde que rematou a Guerra, nun espectro que acompaña a moitos homes e mulleres, do cal pronto, cabe esperar, riremos ata que acabe na papeleira, onde acaban o resto de espectros das nosas vidas, como as cómodas de caoba, as escenas de caza, Deuses e Diaños, o Inferno e outros conceptos que nos deixarían cun potente senso de liberdade ilexítima... Iso se é que existe a liberdade, claro...

Dependendo da luz, a marca da parede parece sobresaír da parede. Tampouco parece ser enteiramente circular. Non teño maneira de asegurarme, mais parece proxectar unha pequena sombra, suxerindo que se corro o meu dedo pola parede, nalgún momento vai ascender e descender un montículo, un pequeno e case imperceptible. Un montículo como aqueles túmulos no sur de Downs que son, ou din que son, tumbas ou antigos campamentos. Das dúas opcións, eu preferiría que fosen tumbas, desexo melancolía, como a maioría de xente inglesa. Acho un sentimento natural o de, ao final dun paseo, pensar nos ósos espallados baixo o pasto.... Ten que haber algún libro sobre o tema. Seguro que algún anticuario xa desenterrou eses ósos e lles deu un nome. Pregúntome, que clase de home é un anticuario? Atrévome a dicir que son maioritariamente coroneis retirados, liderando partidas de vellos traballadores ao cume dos túmulos, examinando terróns e pedras, e escribíndose cartas con algún clérigo local, o cal, lles da un sentimento de importancia, xa que o traballo de comparación de cabezas de frecha necesita de viaxes a diferentes vilas, unha necesidade conveniente tanto para eles como para as súas mulleres, que desexan facer marmelada de ameixa ou limpar en profundidade o despacho e teñen as súas razóns para manter a cuestión de se é un campamento ou unha tumba en suspensión perpetua. Mentres tanto, o Coronel sentirase

pracenteramente filosófico en tanto que acumulou evidencias cara ambas teorías. É certo que, finalmente, inclinase a crer na teoría do campamento, e, sendo oposto, dita un folleto explicativo que está a punto de ler na reunión trimestral da sociedade local xusto cando lle da un infarto, e os seus últimos pensamentos conscientes non son para a súa muller ou para o seu fillo, senón para o campamento e para a cabeza da frecha que alí atoparon, asunto agora do museo local, xunto co pé dunha asasina chinesa, unha puñado de cravos isabelinos, varios tubos de arxila da época dos Tudor, unha peza de olaría Romana, e a copa para viño pola que bebeu Nelson... todo isto probando realmente non sei o que.

Non, non, nada está probado, nada se sabe a ciencia certa. E se me levantase neste intre e constatase que a marca na parede é realmente... que podemos dicir? A cabeza dunha antiga e xigantesca punta, de hai máis de douscentos anos, e que agora debido ao paciente desgaste de moitas xeracións de criadas, revela a súa cabeza por riba da capa de pintura, e está tomando a súa primeira vista de vida moderna en forma dun cuarto branco con lume aceso. E que gaño con esta historia? Coñecemento? Marial para crear unha especulación máis profunda? Podo pensar igualmente co corpo sentado ou en pé. E o que é coñecemento? Que é o que os nosos sabios homes gardan das descendentes de bruxas e eremitas acochados en covas e en bosques preparando apócemas, interrogando muraños e transcribindo a lingua das estrelas? E honrámoslos cada vez menos ao tempo que a nosa superstición se fai cada vez máis feble e o noso respecto á beleza e á saúde mental diminúe....

Si, podería imaxinar un mundo moi agradábel. Un amplo e tranquilo mundo con flores vermellas e azuis que cruzan enormes campos abertos. Un mundo sen profesores ou especialistas ou amas de chaves con perfís de policía. Un mundo que poder partir cun só pensamento, igual que un peixe parte a auga coa súa

aleta, atravesando as raíces das ninfeas, suspendidos sobre os niños de brancas ovas.... Can pacífico sería afogar aquí, con raíces no centro do mundo e ollando a través das augas grises, con repentinos resplandores de luz e reflexos... se non fose polo *Whitaker's Almanack*... se non fose pola súa *Táboa de Precedencia*!

Teño que erguerme xa e ver o que é realmente esa marca na parede. Se é un cravo, a folla dunha rosa esquecida, unha greta na madeira,...

Aquí a natureza, unha vez máis no seu xogo vello de autopreservación. Ela pensa que este tren de pensamento o único que fai é ameazar cun simple desgaste de enerxía, mesmo tamén con algunha colisión coa realidade, porque quen pode ser capaz de levantar, aínda que fose un só dedo, contra o *Whitaker's Almanak* e a súa *Táboa de Precedencia*? en tal táboa ao Arcebispo de Canterbury sígueo o Señor Chanceler, ao Señor Chanceler sígueo o Arcebispo de York. Todo o mundo segue a alguén, tal é a filosofía de Whitaker, e o importante é saber sempre quen segue a quen. Whitaker sábeo, así que deixa que os defensores da Natureza te consolen, en vez de enfurecerte, e se non podes ser consolado, se tes que esnaquizar esta hora de paz, pensa na marca na parede.

Entendo o xogo da natureza. A súa disposición para tomar medidas e intervir como xeito de acabar calquera pensamento que ameaza con entusiasmo ou dor. De aí, supoño, vén o noso leve desacato cara os homes de acción... eses homes que, supomos, non pensan. Aínda que non fai ningún dano pórilles un punto e final aos pensamentos propios, cando son desagradables, ollando unha marca na parede.

De feito, agora que puxen os meus ollos e toda a miña atención nela, síntome a flote, como se me agarrase a unha táboa no medio do mar. Sinto un satisfactorio sentido de realidade que convirte aos dous Arcebispos e o Señor Chanceler en sombras das sombras. Aquí hai algo definido, algo real. Como cando espertando dun horroroso pesadelo, acendemos a luz rapidamente e

quedamos admirando a cómoda, admirando a solidez, admirando a realidade, adorando o mundo impersoal que proba a existencia de outras persoas máis alá de nós. Aquilo do que se quere ter certeza.... A madeira é unha cousa agradábel na que pensar. Vén dunha árbore, e as árbores medran, e non sabemos como medran. Medran durante anos e anos, sen prestarnos atención a nosoutros, en prados, en bosques, e pola beira dos ríos... todas esas cousas nas que é agradable pensar. As vacas sacoden os seus rabos baixo o seu ventre nos días quentes, e os ríos pintan tan verdes que cando as aves se mergullan esperamos ver as súas plumas todas tinxidas desta cor cando volven á superficie. Gústame pensar no peixe en equilibrio contra a corrente como bandeiras soprando ao vento, e nos coleópteros asaltando amodo cúpulas de barro na cama do río. Gústame pensar na árbore en si mesma. Primeiro na sensación de sequidade de ser madeira, despois o son da tormenta, e o lento sobordar do seu zume. Gústame pensar nas árbores tamén nas noites de inverno, aguantando nun campo baleiro con todas as follas case enrodeladas, nada tenro exposto ás balas de ferro da Lúa, un mastro en coiros sobre unha terra que vai caendo en picado, caendo en picado sen fin, durante toda a noite. A canción dos paxaros ten que soar moi alta e estraña en xuño, e can frío os pés dos insectos teñen que sentir cando fan o seu laborioso progreso entre os pregos da cortiza, ou se descansan ao sol sobre o toldo verde delgado das follas, e ollan directamente diante deles cos seus ollos vermellos en forma de diamantes.... Unha por unha, as fibras escachan pola presión fría da terra, entón chega a última tormenta, e, caendo, as ramas máis altas conducen directas e profundas cara o chan, de onde partiron. E aínda así, a vida non remata aquí, hai un millón de pacientes e atentos seres que viven por e para unha árbore, por todas as partes do mundo, en dormitorios, en barcos, no pavimento, revestindo cuartos onde os homes e as mulleres sentan após a cea, fumando cigarros. Esta árbore está chea de

pensamentos sosegados, pensamentos felices. Gustaríame coller cada un por separado, mais algo o evita... Onde ía? Sobre que trataba todo isto? Sobre unha árbore? Sobre un río? Sobre os Downs? Sobre o *Whitaker's Almanack*? Sobre os campos de asfódelo quizais? Xa non me lembro. Estase movendo todo, está caendo, escorregando, esvaecendo.... hai, de súpeto, unha gran axitación na materia. Alguén parado, de pé, ao meu lado e dicindo:

“Vou saír a mercar o xornal.”

“Si?”

“Aínda que non vale moito a pena mercar xornais hoxe en día.... Nunca pasa nada. Maldita guerra, Deus maldiga esta guerra!... Da igual, non entendo por que hai un caracol na nosa parede.”

Ah, a marca na parede! Era un caracol.